

RAPILÁN



2011

CEPI RAMÓN PIÑEIRO, POBRA DE SAN XIAO

ANO XXXIX N.º 48

Galicia

Tristemente convivo coa túa ausencia
sobrevivo á distancia que nos nega
mentres bordeo a fronteira entre dous mundos
sen decidir cal deles pode darme
a calma que me esixo para amarte
sen sufrir pola túa indiferencia
a miña retirada preventiva
dunha batalla que xa sei perdida
resolto a non entrar xamais en ti
pero non á tortura de evitarte.

Lois Pereiro.

4 LETRAS GALEGAS

5 ENTREVISTAS

13 REPORTAXES

45 VIAXES


54 DEPORTES

60 DEBUXOS E COMICS

83 MÚSICA

85 A SESERA ELECTRÓNICA

100 CINÉMATHÈQUE



Este ano dedícaselle o Día das Letras Galegas ao poeta lucense Lois Pereiro, un home cosmopolita, avanzado e bastante incomprendido no seu tempo. Era un home sen prexuízos, innovador, un poeta urbano e aberto a Europa grazas ao seu interese polo cine e polos libros (sobre todo da cultura alemá) e ao seu coñecemento de varios idiomas.

Estas circunstancias fan que teña unha visión diferente da vida que se reflicta na súa estética e na súa poesía.



A vida contemporánea, o mundo do rock e as drogas estarán presentes nos seus versos que, a xuízo de moitos, recollen o intimismo e a profundidade de Rosalía mesturados cun humor entre intelectual e labrego.

Lois Pereiro naceu en Monforte de Lemos no ano 1958.

Con dezasete anos marchou a Madrid para continuar os seus estudos e alí fundou, xunto con Antón Patiño, Xosé Manuel Pereiro (o seu irmán) e Manuel Rivas, a revista Loia. Nesta publicación apareceron poemas do escritor monfortino que posteriormente serían recollidos en Poemas para unha loia (1996).

En Madrid foi unha das vítimas do envelenamento con aceite de colza, feito que marcaría a súa vida chea de sufrimento.

De regreso ao país, Pereiro figurou nas antoloxías colectivas recollidas baixo os títulos De amor e desamor (1984) e De amor e desamor II (1985), compilacións en que figuran nomes como Pilar Pallarés, Miguel Anxo Fernán-Vello, Manuel Rivas, Xavier Seoane, Francisco Salinas,

Valcárcel, Lino Braxe e outros poetas de moi diferentes tendencias, mais que participaban das mesmas inxerencias culturais. Entre as iniciativas conxuntas deste grupo destaca o sostimento da revista Luzes de Galiza, onde viron a luz os oito primeiros capítulos da súa novela inconclusa Náufragos do paradiso.

Alguns dos seus versos foron popularizados polo grupo musical punk Radio Océano, do que formaba parte o seu irmán.

En vida Pereiro só publicou dúas obras, Poemas 1981/1991 (1992) e Poesía de amor e enfermidade (1995), duros e espidos poemarios en que se fan patentes as pegadas expresionistas, as referencias á literatura xermánica e certos trazos da contracultura.

Enfermo de sida, morreu na cidade da Coruña en 1996, como consecuencia do envelenamento con aceite de colza.

Está enterrado en Santa Cristina do Viso (O Incio), onde o seu epitafio grabado en pedra na súa tumba, da unha boa mostra da súa poesía desgarrada:

Cuspídemme enriba cando pasedes por diante do lugar onde eu repose, enviándome unha húmida mensaxe de vida e de furia necesaria.



MANUEL LÓPEZ ARES

Neste curso escolar, acolléndose á xubilación anticipada, retirase o noso Xefe de Estudos de E. Primaria Manuel López Ares. Os rapaces de 5º de Primaria decidimos facerlle unha entrevista para a revista do colexio.

1.- Cantos anos levas exercendo a túa profesión?

Levo trinta e cinco anos de mestre.

2.- Qué é o que máis che gusta do teu traballo?

En xeral gústame todo o que está relacionado coa miña profesión.

3.- Cal foi a túa materia favorita para ensinar?

Durante o meu período de estudante, sempre tive simpatía polas Matemáticas e as Ciencias da Natureza, de feito me presenteí as oposicións de mestre, fíxeno pola rama de Ciencias.

4.- En qué colexios exerciches a túa profesión?

O meu primeiro colexio foi a "Anexa Masculina" de Lugo; alí cursei o meu último ano de Maxisterios facendo as prácticas durante todo o curso escolar. Despois estiven tres cursos máis, un antes de aprobar as oposicións, e dous despois.

O meu segundo colexio foi "Nosa Sra. das Dores" de Forcarei (Pontevedra), onde estiven durante dezaioito anos (1979-1997).

Finalmente o terceiro colexio, é o "CPI Ramón Piñeiro" onde empecei no curso 97/98, e aquí sigo.

Nos tres centros me sentín moi a gusto, aínda que dos dous últimos teño que dicir que o grao de satisfacción é máis grande debido en parte a grande cantidade de cursos que estiven neles, e sempre rodeado de compañeiros/as estupendos/as.



5.- Qué diferenzas atopas no ensino, dende que empezaches a traballar ata agora?

Hai moitas diferenzas dende os meus comezos na ensinanza ata hoxe. Creo que o “mundo da informática” favoreceu que teñamos moitos máis medios para ensinar e formar aos nosos alumnos/as.

6.- Nestes últimos anos, ademais de mestres, exerciches de Xefe de Estudos. Fálanos un pouco desa experiencia.

No meu segundo colexio (en Forcarei) formei parte do equipo directivo como Secretario, durante sete anos. Agora, nesta última etapa da miña vida profesional, tocouse ser durante catro anos Xefe de Estudos de Infantil e Primaria; cando asumín esta responsabilidade fíxeno con certa preocupación, pero unha vez transcorrido este período de tempo, teño que dicir que me resultou moi fácil desempeñar tal función, debido fundamentalmente a tódolos compañeiros/as que me rodearon e que fixeron que o meu traballo me resultase moi agradable.

7.- É fácil a tarefa de Mestre?

Desempeñar a tarefa de Mestre resultoume fácil ao longo da miña vida profesional, entre outras cousas porque sempre tiven boa conexión cos meus alumnos/as, a relación de confianza e respecto entre eles e eu sempre discurriu por cuaces normales e xamais tiven que tomar medidas disciplinarias drásticas.

8.- Qué valores máis dos teus alumnos/as?

Creo que os nenos/as destas idades escolares sempre tiñeron moitos valores, aínda que non os poñan todos en práctica, fundamentalmente son bos compañeiros entre eles e responsables.



9.- Cómo vai a ser a túa vida a partires de agora?

A miña vida despois da xubilarme, só vai cambiar no aspecto profesional; continuarei disfrutando máis das miñas actividades de lecer: a pesca e os traballos relacionados co cultivo e elaboración do viño e da augardente. Por suposto, tamén terei máis tempo para adicar á miña familia e ós meus amigos.

10.- Recordarás con agarimo o colexio? Voltarás por aquí?

Sempre me quedaron moitos e bos recordos dos colexios polos que pasei, e nunca rompín os lazos que me unen con compañeiros/as, con pais, nais e alumnos/as deses centros. Tamén quero ter un recordo para o persoal de administración e servizos, que nalgúns casos se traduciron nunha boa amizade.

Voltar polo CPI Ramón Piñeiro será para min unha gran satisfacción.

Grazas por todo Manolo, disfruta moito da túa nova vida e non te olvides de nós!!!!!!

Alumnos/as de 5º de E. Primaria.

Ao noso compañeiro:

Vai ser moi difícil expresar nestos momentos todo aquilo que se agolpa nas nosas mentes para dicirche un “ata sempre”.

Os bos recordos amoréanse e case non sabemos por onde comezar. A túa magnífica labor como Xefe de Estudos, sempre calada, desculpando os nosos erros, comprendendo as nosas inxerencias... únese ao gran traballo como mestre e excelente compañeiro.

Sabes que vas deixar un gran baleiro no colexio; botarémoste de menos cando non oíamos a túa voz de mestre, cando nos faltan nas comidas aquelas historias cheas de retransa ou ese gran sorriso no medio dunha mesta barba.

Fuches máis que un gran compañeiro, amable, leal, disciplinado, traballador...Fuches un amigo.

Comeza para ti unha nova etapa, na que che queda moito por diante para emprender novos cometidos, na que che desexamos de corazón unha gran ventura.

Só queremos que recordes o que aflora en todos nós: Vaise o compañeiro, pero o amigo queda para sempre.



FALAMOS CON... RITA CASTEDO

Falamos coa nosa directoa, Rita Castedo Meilán, que abandona o seu cargo este curso.

Jessica, Judith, Kevin, Ana, Álvaro, Laura, Fanny e Isabel 4º ESO

Cantos anos estivo exercendo como directora neste centro?

Estiven 9 anos.

Cumpríronse as súas expectativas como directora ao longo destes anos?

Sí, na maioría dos casos foron conseguidos.

Cal é o mellor recordo que garda como directora?

O mellor recordo foi o bo trato cos compañeiros, ver que fun capaz de mellorar algunhas cousas e de conseguir para o centro o salón de actos, polo que tanto loitamos.

Cal foi a situación máis difícil á que se tivo que enfrontar ao longo destes anos?

Non houbo ningunha que tivese especial dificultade, pero quizáis cando houbo que solucionar algún caso de acoso a algunha alumna do centro.

O feito de ser a primeira muller que asumiu o cargo de directora neste centro, supúxolle algunha vantaxe ou algún problema?

Non, nunca sentín discriminación, nin positiva nin negativa polo feito de ser muller.

Que lle puido aportar ao centro ser a primeira muller directora?

Iso tería que dicilo a comunidade educativa. Quizáis puido ser un exemplo para futuras mulleres que queiran levar a dirección, que vexan que se pode compatibilizar un cargo público coa vida familiar. No mundo educativo, onde a maioría dos profesionais seguen sendo mulleres, debería de corresponderse cunha maioría de mulleres tamén nos cargos directivos, que pouco a pouco se vai conseguindo aínda que de forma moi lenta.

Despois de todos estes anos, cal é a súa opinión sobre o que chaman a “erótica do poder”?

(Risas) Eu non lle vexo ningunha, pero entendo que aquelas persoas que se acostuman a estar nos postos altos ou intermedios da vida pública e non os queren abandonar, estarán de acordo coa erótica do poder, xa que pensarán que aporta certo prestixio e popularidade. Pero isto non é o meu caso, xa que nunca me gustou estar na primeira fila, e ademais porque penso que a unha certa distancia vense mellor as cousas.

Considera que asumir o cargo de directora influíu na súa relación profesor-alumno? Sí, bastante.

Se puidese retroceder no tempo, volvería asumir o cargo de directora? Si, sen dúbida.

Pódense coñecer os motivos polos que decidiu abandonar o seu cargo?

(Risas) Polo cansancio, xa que cada vez hai máis traballo burocrático e as horas que nos liberan de clase non son suficientes para atendelo. Tamén penso que todo o mundo debe pasar polos cargos directivos, para ver o centro dende outro punto de vista.

En xeral, como foi a súa experiencia como directora? Boa, sí.



Se puidese elixir, quen cre vostede que serían os candidatos máis aptos para ocupar o seu posto?

A maioría dos profesores do centro poderían asumilo.

E agora ímola someter a unhas preguntas algo máis “persoais” para coñecela un pouquiño mellor:

¿Onde lle gustaría vivir? En Lugo, onde vivo

¿Comida favorita? Unha boa paella

¿Unha canción que lle recorde a algún momento especial? As cancións do folclore galego, recórdanme ás festas da casa

¿Un actor de cine? Clint Eastwood

¿Libro favorito?

Dos clásicos, “La Regenta” e dos máis novos, “Out”

¿A súa serie favorita?

televisiva
A



República

¿A súa canción favorita? “Querida Milagros” de El último de la fila

¿A súa cor favorita? O verde

¿Un lugar para viaxar? ¡O mundo enteiro! Pero en especial a India

¿Un tipo de novela? As históricas

¿O seu aroma preferido? O aroma fresco da natureza

¿Un son? O da choiva

¿Unha actividade de aventura que lle gustaría realizar? (Risas) Bucear

¿Unha manía? Madrugar

¿Un desexo? Un desexo persoal: poder xubilarme e disfrutar de anos de descanso. Un desexo para o mundo: que sexamos máis verdes, máis ecolóxicos e máis pacifistas

¿Animal preferido? Calquer paxaro

¿Cal é o mellor recordo que lle queda neste centro? O bo ambiente entre a comunidade educativa

¿Cal é o peor recordo que lle queda neste centro? Non teño ningún mal recordo especial

De todas as actuacións que se fixeron no centro, ¿cal lle sorprende máis? As obras de teatro

De todas as excursións ás que asistiu cos alumnos, ¿cal lle gustou máis? A realizada ás granxas do Páramo o ano pasado sorprendeume moito

¿En cantos institutos deu clases de inglés? Só en dous colexios

¿Ten algunha experiencia máis como directora?

Sí, no anterior centro estiven dous anos como directora, pero era un colexio pequeno no que só había 50 alumnos e 4 profesores

¿Gustaríalle seguir exercendo o cargo de directora noutro centro? Non, de seguir seguiría aquí

¿Gustaríalle que as súas fillas fosen directoras coma vostede? Sí, pero só se a elas lles interesa

¿Qué outro cargo exercería? Ningún, simplemente titora

Agora que deixa este posto, ¿que ten pensado facer? Ser mestra e dar clase en primaria

¿Un recordo especial? Un recordo especial para todos aqueles compañeiros/as que nestes 9 anos de dirección me axudaron a levar adiante os múltiples proxectos nos que estamos embarcados.

Sen a súa axuda sería imposible a boa marcha do centro.

Tamén un recordo agarimoso para os alumnos/as e familias que están e estiveron sempre apoiando coas súas propostas e boa vontade calqueira iniciativa a prol da mellora da práctica educativa.

Moitas grazas por prestarnos a súa atención



NOTA DE RITA CASTEDO

Hai agora nove anos estabamos en plenas eleccións da dirección. Non supoñía eu que me esperase unha tarefa tan ardua, interesante e diversa: ardua porque esixe moita dedicación, dentro e fóra do centro; interesante porque nunca tés un día igual ao seguinte; Diversa porque aprendes a compaxinar clases, atención a familias, compañeiros.... e moita burocracia.

Aínda así a miña valoración destes anos é totalmente positiva. A isto contribuíu que tiven sempre ao meu carón un equipo de primeira liña, a miña gratitude máis sincera a: José Ramón, Sol, Mercedes, Manolo, Carlos e Paco. Sen eles a tarefa sería imposible de rematar.

Grazas tamén aos compañeiros e compañeiras que fixeron un esforzo extra para que todos nos beneficiáramos dos cursos e aulas de informática, da biblioteca, da revista, dos decorados, dos festivais; en fin, xa vedes que todos e todas tedes un algo de extraordinario e moito de profesionais, porque sen o día a día da clase de matemáticas, música, xeografía... nada tería sentido no sistema educativo.

Pero tamén os alumnos/as e as súas familias lle dan personalidade ao centro, porque programamos e explicamos para entes individuais, exclusivos e diferentes dos de calquera outro. Grazas pola súa voluntariedade e nobreza, son dúas cualidades que os distingue.

E como esquecer o bo traballo que se fai na cociña, secretaría, conserxería e na limpeza, estes profesionais teñen todo a punto para facernos a vida un pouco máis doada cada día.

Estamos continuando e ampliando unha labor que comezou co colexio Concepción Arenal, e foron moitos profesores/as alumnos/as ... os que sentaron as bases do que hoxe somos, e nós somos a semente dun futuro que eu espero prometedor.

Síntome orgullosa de ter sido a directora dun centro tan acoledor e innovador.

Ata sempre.

ENTREVISTA Á PATRULLA VERDE

Este ano, ademais de seguir contando coa patrulla azul (encargada do papel e cartón) e amarela (encargada dos envases de plástico, metal e briks), temos unha nova patrulla, formada polos alumnos de 4º de Primaria. Trátase da patrulla verde.

Imos facerlle unhas preguntas para coñecer o seu importante traballo:



1-¿Por que vos unístedes á patrulla verde?

Para axudar ao medio ambiente e á natureza. Para reciclar. Porque me gusta.

2-¿Que tipo de residuos vos encargades de recoller?

Orgánicos: é dicir, os restos de froita do recreo.

3-¿Onde están as papeleiras específicas para a materia orgánica?

No comedor da conserxería, ao lado do carru da froita, e no piso de arriba, ao redor de secundaria.

4-¿Que facedes coa materia orgánica que recollades?

Levala á composteira para reciclala. Alí váise convertendo pouco a pouco en abono ou compost. Este abono serve para botar no horto e que as plantas se alimenten.

5-¿Que pasaría con esa materia orgánica se vos non a recollédeses?

Non se reciclaría. Iria a parar ao contedor verde normal. E dali iría a unha incineradora de residuos. Así estes restos orgánicos producirían fumes tóxicos ao queimarse e non os estaríamos aproveitando para facer abono para o noso horto.

6-¿Que é o que máis vos gusta do voso traballo?

Facer ben ao medio ambiente e á natureza.

Axudar aos animais en perigo de extinción, aínda que neste caso sexa de forma indirecta. Todo.

7-¿Que é o que menos vos gusta?

Puñer os guantes. Que se rían de nós, por levar os guantes e que nos quedan grandes.

Que ás veces nos chamen "barrerinos", aínda que cremos que é de broma.

8- ¿Tedes algún consello para os vossos compañeiros das outras turmas?

Sí, que levan as etiquetas das papeleiras para botar cada residuo no seu sitio. É dicir: os plásticos e metais nas papeleiras amarelas, o papel e o cartón nas azuis, e os restos de fruta nas papeleiras da etiqueta verde. Se non logo nós temos que andar a separar o que eles mesturaron.

9- ¿Cantas separades os residuos para reciclar na vosa casa?
(Levantán a man 7).

10- ¿Cantas facedes compost na vosa casa?
(Levantán a man 5).

11- O ano que ven queredes seguir nas patrullas?
¡¡Sí!!

12- ¿Cantas queredes seguir na patrulla verde?
(Levantán a man 3).

13- ¿Cantas preferides cambiar de patrulla e por que?
(Levantán a man 7). Por facer algo novo.

14- ¿Gustarívos escudar algo máis?
Sí, que mola. Que está moi chuli, moi bonita. E ademais entón nos dan unha recompensa.

Esto é o que facemos a diario:



1-Valeiramos tódalas papeleiras da etiqueta verde nunha soa, pois é máis práctico.



2-Levámola á composteira, que está no patio.



3-Valeirámola na composteira de materia orgánica "fresca".



4- Collemos follas ou herba na composteira de restos vexetais secos...



5- ... e botámolas por riba dos restos de froitas para que non cheire nin haxa mosquitos.



6-Tapámolo para que estea húmido e temperado, e así o abono faise antes.

¿Paréceros difícil? A nós parécenos doada, e merece a pena porque nos beneficia a todos.
¡¡Colaborade con nós!!

REPORTAXES




Infantil 3 anos

Sementamos



Regamos



A AUGA



Infantil
5 anos



CONTO
XERÁ, XERANDO, XEROU

Usia
25/17

Carrie, a protagonista do conto.

PRIMARIA

A IMPORTANCIA DE APORRAR AUGA

NECESITAMOS REPONER A AUGA QUE PERDEMOS O RESPIRAR O MOVERNOS O CORRER. SEN AUGA NON PODEMOS VIVIR.


AS ARBORES FRUTAIS AS VERDURAS AS LEGUMES... NON MEDRARIAN SEN AUGA.

COA AUGA PODEMOS BANARNOS LAVAR AS MANS... ¡ESTAR LIMPOS!

A AUGA E OS BOSQUES
GRAZAS A AUGA HAI BOSQUES,
AS ARBORES "COIDAN" A AUGA

CANDO OS BOSQUES DESAPARECEN A CHUVIA EROSIONA O TERREO E APARECE A DESERTIZACION.


A DESAPARITION DOS BOSQUES E A EROSION DO CHAN FAVORECE TAMEN AS INUNDACIONES.



David 2º 1º

2º PRIMARIA

A AUGA E NÓS
Buscamos toda a clase fotos onde as persoas ou os animais utilizan a auga.



O NOSO GUERNICA

Picasso é a figura máis notable da arte cubista do século XX. Estudou co seu pai na Escola de Belas Artes de Barcelona. A súa obra está marcada pola constante búsqueda de novas formas expresivas. Foi un xenio recoñecido no mundo enteiro.

Os alumnos de 5º fixemos un "Guernica" pero non un "Guernica" calquera, fixemos un "Guernica para a paz"; cada un de nós colleu unha cor, escolleu unha parte do cadro e... A pintar! Limos sobre a pintura, algúns recreos estivemos pintando p a r a poder rematalo.



Guernica, era unha cidade vasca que foi bombardeada durante a guerra civil española, morreu moita xente.

A Pablo Picasso, encargálle o goberno republi-

cano que fixera unha pintura, en canto se enterou do de Guernica, púxose mans á obra. Empregou tons brancos, grises e negros, e plamou o horror da guerra nas caras e nos copos das vítimas mutiladas.

Non queremos que se repitan nin as guerras civís nin as bombas nin a violencia, nin que se pinten máis Guernicas que representen á guerra.



CLASE DE 5º DE PRIMARIA

**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:
Prevención de incendios**

Entre as diversas actividades complementarias que realizamos ao longo do curso, gustounos especialmente a realizada un venres, despois de xantar, que estaba destinada a previrmos sobre os perigos, precaucións e consecuencias do lume na natureza. Anteriormente traballamos cos mestres de Coñecemento do Medio do 3º Cíclo comentando nas aulas diversos aspectos sobre o tema. Aquí podedes vernos traballando.



Estas son as fotografías dos murais rematados.
Esperamos que vos gusten.





Na charla dos incendios forestais aprendimos que era moi perigoso andar con lume nos montes e bosques. Co noso mural expresamos de diferentes formas o importante que é coidalos bosques. Debucamos varias cousas, por exemplo no bosque de encinas puxemos un labrador facendo a queima e cando marchou non se asegurou de apagar ben o lume e estendeuse polo bosque, mentres había una profesora dando charlas sobre os incendios forestais. Puxemoslle o título de: Un bosque, unha vida, porque os bosques son necesarios para a nosa vida diaria.

Paula, Gloria, Sthefany, Lorena, Ruth, Antia e Nerea (6º Primaria).



O noso mural trata duns turista que foron visitar o bosque, e ao chegar viron dúas grandes árbores unidas por unha gran e longa pasarela. Seguiron a ruta e encontraron o lixo queimándose, e tamén viron un garda forestal intentando apagar o lume. Adentrándose máis no bosque viron un corzo fuxindo do lume.

Jonathan, Manuel, Mateo, Rubén Folgar, Rubén Sánchez, Jacobo (6º Primaria).



Puxémonos en grupos, déronnos unha lámina cun bosque para que o debucáramos nunha cartolina. Entre os grupos formados fomos pasando un dado e por cada número que saía dábanos unha tarxeta cun debuxo, beneficioso ou penudicial para o noso bosque.

Nos tivemos bastante sorte, porque non nos focou nada malo. Cada grupo inventou un lema para o seu bosque, o noso era: UN BOSQUE COIDADADO É UN BOSQUE FELIZ.



Cando todos tiñamos rematado o traballo, fomos saíndo grupo por grupo a presentar os murais, explicando o proceso, cómo repartiramos as tarefas, ... Sacamos unhas boas conclusións e pasámolo moi ben.



Texto elaborado polos alumn@s:
Miguel, Alicia, Silvia, Jenny y Nerea (5º E.P)

ENVIRONMENTAL EDUCATION



¡Caring nature because we care for our planet!



Do not burn the trees because the trees are alive



Protect the earth (fishes, water, plants...)



Don't contaminate water.



Don't throw rubbish in the woods, it pollutes!



Forest Protection
Learn to recycle, helping nature because: One tree: a life, without pages do not use. Trees need



Don't cut the wood.

ALUMNOS 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

El Reino Unido

The names of United Kingdom, Great Britain and England are often confused.

- England → is just one country. The capital is London.
- Great Britain → comprises England, Wales and Scotland. The capital of Wales is Cardiff and the capital of Scotland is Edinburgh.
- The United Kingdom → Also includes Northern Ireland the, capital is Belfast.

Rosa (6 de primari)

Inspeccionando o río Neira!

Este mércores 3, fomos de viaxe ao río Neira...
Queres saber que fixemos?

proyectorios

Chegamos á área recreativa do río Neira en Lán cara ás 10:30 da mañá, aproximadamente.

Cambiámonos o calzado polas botas de auga para, máis tarde, poder meternos no río para realizar as diferentes actividades que nos esperaban.

E' despois...?

Dividímonos en dous grupos segundo a orde de lista. O primeiro fomos coa mestra de Física e Química, para medir parámetros como o PH, a temperatura, a velocidade, o caudal da auga, a concentración de nitratos... mentres o segundo ía coa de Bioloxía a atopar bioindicadores cos cales poderíamos determinar un chisco mellor o estado do río. Despois cambiaríamos os postos.

A calidade hidromorfolóxica

A cantidade de luz que chega ao río é importante porque facilita o crecemento das plantas acuáticas e das algas.

O hábitat.

- Substratos do fondo del río

Bloques e pedras %	<input type="checkbox"/> <10% 2 puntos
	<input checked="" type="checkbox"/> >10% 5 puntos
Codos e gravas %	<input type="checkbox"/> <10% 2 puntos
	<input checked="" type="checkbox"/> >10% 5 puntos
Area %	<input checked="" type="checkbox"/> <10% 2 puntos
	<input type="checkbox"/> >10% 5 puntos
Limos e arellas %	<input checked="" type="checkbox"/> <10% 2 puntos
	<input type="checkbox"/> >10% 5 puntos

Cobertura de vexetación acuática	Moderada >10%
Musgos e algas filamentosas	<input checked="" type="checkbox"/> 10 puntos
Algas adheridas ás pedras	<input checked="" type="checkbox"/> 10 puntos
Plantas acuáticas	<input checked="" type="checkbox"/> 10 puntos

- Sombra sobre o río
 - Totalmente sombreado 7 puntos
 - Sombreado con claros 10 puntos
 - Moitos claros 5 puntos
 - Sen sombra 3 puntos

- Heteroxeneidade

Follaxe	<input type="checkbox"/> Escasa <10% 2 puntos
	<input checked="" type="checkbox"/> Moderada >10% 4 puntos
	<input type="checkbox"/> Excesiva >75% 2 puntos
Troncos/Polas	<input checked="" type="checkbox"/> 2 puntos
Raíces expostas	<input checked="" type="checkbox"/> 2 puntos
Diques naturais	<input type="checkbox"/> 2 puntos

Valor final 68

A calidade hidromorfolóxica

O hábitat.

- A auga flúe
 - Si Non
- É o nivel da auga habitual para a época do ano?
 - Si Mais alto Mais baixo Non hai auga
- Frecuencia de rápidos na unidade de mostraxe
 - Alta 10 puntos
 - Mediana 8 puntos
 - Ocasional 6 puntos
 - A auga flúe, pero sen rápidos 4 puntos
 - Só zonas de balsas illadas 2 puntos

Os rápidos son tramos dun río nos cales a velocidade é moi alta.

- A miña unidade de mostraxe observo o seguinte núm. de categorías

CATEGORÍAS DO TREITO:

- Augas rápidas con pouca profundidade.
- Augas rápidas con moita profundidade.
- Augas lentas con pouca profundidade.
- Augas lentas con moita profundidade.

<input type="checkbox"/> 1	4 puntos
<input checked="" type="checkbox"/> 2	6 puntos
<input type="checkbox"/> 3	8 puntos
<input type="checkbox"/> Todos	10 puntos

A calidade hidromorfolóxica

O bosque de ribeira.

Atopábase en bastante boas coindicións.

O bosque de ribeira é a franxa de vexetación que atopamos entre o ambiente terrestre e o fluvial e que permite o desenvolvemento de determinadas comunidades animais e vexetais.



A calidade hidromorfolóxica

! caudal afecta a moitos organismos e comunidades que conviven dentro do ecosistema.

O caudal.

- Para medir a **profundidade** no río, axudámonos dun cordel cun peso atado no seu extremo. Cando o peso tocou o leito do río, sacamos o cordel e medimos cal era a parte mollada deste.
- Para medir a **anchura**, dúas persoas puxéronse a cada extremo do río a través da ponte cunha cinta métrica.
- Para medir a **sección**, multiplicamos a anchura en metros pola profundidade en metros.
- Despois medimos a **velocidade** da auga. Primeiro medimos unha distancia de 10 m cunha cinta métrica e lanzamos un anaco de cortiza á auga. Puxemos a contar un cronómetro e ao chegar a cortiza ao final dos 10 m, parámolo. O resultado expresámolo nos metros que recorreu por cada segundo.
- Rematando, o **caudal** fixémoslo multiplicando a sección pola velocidade.

Ancho m 0,945 | Sección m² 14,64
Profundidade m 15,50 | Velocidade m/s 0,15 | Caudal m³/s 2,19

A calidade hidromorfolóxica

! caudal afecta a moitos organismos e comunidades que conviven dentro do ecosistema.

As alteracións.

- Medimos a **transparencia** da auga grazas ao disco de "Secchi" polo cal podíamos observar todos os sectores coa mesma nitidez. Isto indicounos que a auga estaba transparente e con pouca presenza de substancias disoltas e en suspensión.
- Como **impactos detectados** atopamos: escumas, vertidos ilegais, bordes rozados, represas e canais de irrigación.
- A auga non ten **olor**.
- O redor do río está arbolado, posúe un bosque de ribeira, matogueiras, prados e herbas altas, humidais, áreas recreativas e vías de comunicación.
- Non hai presenza de **residuos** no río.
- Con respecto á **contaminación acústica**, só hai presenza de ruidos puntuais.
- A **contaminación lumínica** é baixa, só ca presenza de unha ou dúas farolas a certa distancia do río.

A calidade fisicoquímica

- Cun termómetro de alcohol, medimos a **temperatura** do río. As temperaturas canto máis baixas maior cantidade de osíxeno e menor dificultade respiratoria dos organismos que viven no río. A media dos ríos galegos é de **13,5°**
- Para medir o **PH** (que indica o grao de acidez da auga) diluimos unha pastilla de PH nun cubo de ensaio con auga do río. O PH neutro é o 7.
- Logo medimos a **transparencia**, canto maior sexa, máis luz chegará ás partes máis profundas. Fixémolo cunha botella de plástico que enchemos de auga do río. Debaixo puxemos o "disco de Secchi". Cantos máis sectores deste se viran con nitidez, maior era a transparencia.
- Para medir os **nitratos** (a súa concentración depende da materia orgánica que de maneira natural se descompón no río) disolvimos dúas pastillas noutro tubo con auga e anotamos o resultado observado na escala colorimétrica.
- O **osíxeno** disolto, un elemento fundamental para a vida acuática, fixémoslo da mesma maneira que para medir o PH, só que con dúas pastillas de osíxeno.

A calidade fisicoquímica

E os resultados foron os seguintes...

- Temperatura 13°
- Transparencia ningún sector 1 sector 2 sector 3 sector 4
- Nitratos 0 mg/l 5 mg/l 20 mg/l >40 mg/l
- Osíxeno disolto 0 mg/l 4 mg/l 8 mg/l
- Saturación % 70
- pH 4 5 6 7 8 9 10

Temos unha boa calidade fisicoquímica!

A calidade biolóxica

Os macroinvertebrados

A presenza de organismos nun río pode indicarnos o seu estado de saúde. Os ambientes degradados presentan unha menor cantidade e variedade de organismos. Estes denomínanse bioindicadores, xa que nos permiten determinar de maneira indirecta a calidade do ecosistema.



Para atopar macroinvertebrados, os que dispoñíamos de botas de auga metímonos no río a recoller bechos. Os outros apoiábanse de bandexas e pinceles para meter os bechos nestas. Entre os dous grupos poidemos atopar todos os macroinvertebrados que na seguinte páxina se sinalan. Para identificalos tivemos que observar os máis pequenos a través dun microscopio e axudándonos dun esquema onde íamos descartando que bechos non podían ser.

A calidade biolóxica

Os macroinvertebrados

Tricópteros
 Brachycentridae
 Leptoceridae
 Philopotamidae
 Rhyacophilidae

Hydropsychidae
 Limnephilidae
 Polycentropodidae
 Sericostomatidae

Plecópteros
 Leuctridae
 Perlidae
 Nemouridae
 Perlodidae

Efermerópteros
 Baetidae
 Ephemerellidae
 Heptageniidae
 Caenidae
 Ephemeridae
 Leptophlebiidae

Dípteros
 Blephariceridae
 Culicidae
 Syrphida
 Chironomidae
 Simuliidae
 Tipulidae

Atopamos tres macroinvertebrados que indican que o río está en moi bo estado:
 Sericostomatidae
 Perlidae
 Heptageniidae

Heterópteros
 Corbdidae
 Hydrometridae
 Notonectidae
 Veliidae
 Gerridae
 Nepidae
 Psephenidae

Panarias

RESULTADO DO ÍNDICE DE MACROINVERTEBRADOS:

Moi bo
 Moderado
 Malo
 Bo
 Deficiente

A calidade biolóxica

A biodiversidade

Tiñamos pensado facer un paseo de 200 m ao redor do río, mais o tempo non no lo permitiu e anotamos só o que nos deu tempo a atopar.

PLANTAS ACUÁTICAS: carrizo común

ÁRBORES: ameneiro, bidueiro, carballo, chopo blanco e salgueiro

ANFIBIOS: ra verde

PEIXES: troita

AVES: corvo mariño, paporrubio e gavilán.



proyectoríos



OBSERVANDO AS CÉLULAS DA LUCÍA

Tania Fernández
Cristina Pernas

Nesta avaliación, os alumnos de 3º de ESO na clase de bioloxía, decidimos facer unha práctica no laboratorio consistente na observación das células da mucosa bucal humana.

Para iso, uns días antes de levala a cabo, a profesora entregounos unhas fichas de cal era o correcto manexo do microscopio e para que servía cada unha das súas partes, co fin de darlle un correcto uso o día da práctica e non estragar nada.

Completamos os exercicios correspondentes e falamos na clase deles. A profesora explicounos coidadosamente as accións que non debiamos chegar a facer, por mor de romper a mostra, o portaobxectos ou o mesmo microscopio en si; e sobre todo: para non mancaros!

O día da práctica, primeiramente, dividímonos en grupos de catro persoas. En cada grupo, escollemos un voluntario do que extraer a mostra. Logo xuntamos todos os materiais necesarios para telos a man ao comezar.



Aquí vemos o material empregado:

- Microscopio
- Chisqueiro de alcohol
- Azul de metileno
- Pinzas de madeira
- Mondadentes
- Bandeja de porespán
- Portaobxectos
- Cubreobxectos

Cun mondadentes, e coa boca limpa, sen residuos de comida, refregamos a cara interna dunha meixela suavemente e sen mancaros. Deste xeito conseguimos recoller células que se desprenden de forma natural e por iso non nos doe.

Máis tarde, collemos o portaobxectos e botámoslle unha pinguiña de auga cun contagotas. Despois, o mondadentes que empregamos antes rozámo-lo polo bordo do portaobxectos ata que máis ou menos conseguimos comprobar que se depositaran as células (a simple vista observouse unha especie de puntinhos brancos).

O GRAFENO: PREMIO NOBEL DE FÍSICA 2010




ANDRE GEIM e KONSTANTIN NOVOSELOV son dous científicos de orixe rusa que traballan actualmente en Reino Unido, concretamente na Universidade de Manchester. Ámbolos dous recibiron o Premio Nobel de Física 2010 polos seus novedosos experimentos sobre o material bidimensional GRAFENO.



GEIM

NOVOSELOV

Coñécense dúas formas cristalinas, tridimensionais, de Carbono: **DIAMANTE** e **GRAFITO**. A pesares de estar formados por átomos da mesma natureza química, as súas propiedades non poden ser máis diferentes. O grafito é de cor negra e tan blando que se emprega como mina nos lápicos. O diamante é transparente e imposible de rañar por ningún dos materiais coñecidos.



DIAMANTE

GRAFITO



EXTRAENDO O ADN DE ANA E NEREA.

O día 3 de decembro, só uns poucos alumnos de 4º de ESO nos atopabamos en Bioloxía, xa que o resto non puido asistir a clase por causa da neve. Entón, para non aburrirnos, decidimos realizar unha práctica de laboratorio na que extraemos o ADN das células epiteliais da boca de dúas compañeiras, Ana e Nerea. Tódolos seres vivos teñen células, e dentro delas está o ADN, é dicir, o libro de instrucións coas características e funcionamento dese ser vivo.

O primeiro que fixemos foi preparar o material: auga da billa, alcol de 96º, etiquetas adhesivas, un pauciño, dous vasos de precipitados, culleres, un tubo de ensaio, sal común e lavalouzas.

En segundo lugar preparamos dúas disolucións: unha de lavalouza ao 25% en auga e outra de sal común ao 6% en auga.



Logo comezamos a realizar a experiencia:


- Nun vaso colocamos a etiqueta co nome de Ana e no outro co nome de Nerea, botamos auga, e a continuación Ana e Nerea enxaugaron a boca con ela durante medio minuto e devolvérona ao vaso. Con isto recolleron células epiteliais da súa boca.



-Despois collemos as dúas disolucións que preparamos previamente e engadimos ao vaso coa mostra de ADN unha cullerada de cada unha. Así conseguimos romper as membranas das células e liberar o ADN do núcleo. Con isto observamos que a auga pasaba a estar da cor do lavalouza, neste caso "amarelada".

-Finalmente, engadimos moi lentamente alcol pola parede do vaso, para que o ADN se concentrase e precipitase ata facerse visible. Entón puidemos observar uns fios longos e pegaiñosos de cor branca: eses eran os ADN de Ana e Nerea!

-Cunha agulla enmangada trasladamos ambos ADN a un tubo de ensaio con alcol para poder observalos mellor.



Esta é unha simple técnica que calquera de vós pode realizar na súa casa, para extraer o voso propio ADN. Ou tamén o podeades facer con chícharos, espinacas, cebolas, unha seta, unha folla de carballo, un filete de porco ou xabo... xa que tódolos seres vivos temos ADN nas nosas células.

Isabel Rodríguez Gay
Marta Brea Jacob.

O GRAFENO: PREMIO NOBEL DE FÍSICA 2010


ANDRE GEIM e KONSTANTIN NOVOSELOV son dous científicos de orixe rusa que traballan actualmente en Reino Unido, concretamente na Universidade de Manchester. Ámbolos dous recibiron o Premio Nobel de Física 2010 polos seus novedosos experimentos sobre o material bidimensional GRAFENO.



GEIM

NOVOSELOV


Coñécese dúas formas cristalinas, tridimensionais, de Carbono: DIAMANTE e GRAFITO. A pesares de estar formados por átomos da mesma natureza química, as súas propiedades non poden ser máis diferentes. O grafito é de cor negra e tan blando que se emprega como mina nos lápices. O diamante é transparente e imposible de raiar por ningún dos materiais coñecidos.




DIAMANTE

GRAFITO

A estas formas cristalinas tridimensionais uniuse en 1984 a estrutura cero-dimensional, o C₆₀, idéntica a un balón de fútbol, pero 10⁶ millóns de veces máis pequena. En 1991, Iijima identificou o nanotubo, a forma unidimensional do carbono.



Geim e Novoselov conseguiron aislar o GRAFENO, a forma bidimensional do carbono, formada por unha soa capa de átomos de carbono, con un procedemento en aparencia moi sinxelo: quitando, con cinta adhesiva, láminas sucesivas de un bloque de grafito (mina de lapis).



Estrutura do grafeno



Cristal de grafeno

En comparación, 1mm de GRAFITO está formado por tres millóns de capas de GRAFENO, unhas enriba doutras.

As propiedades do GRAFENO son extraordinarias: óptimo condutor da electricidade, o mellor condutor da calor coñecido, practicamente transparente, moi denso (nin o Helio, un átomo de gas moi pequeno, pode atravesalo), moi flexible e moi duro. Algunhas das súas posibles aplicacións serían: fabricación de transistores máis eficaces que os de Silicio, pantallas táctiles transparentes, paneis luminosos, empaquetado de alimentos e medicinas que quedarían perfectamente illados do exterior... En investigación básica permite explorar fenómenos de Mecánica Cuántica xa que en el os electróns circulan tan rápido que se comportan como relativistas.

GEIM e NOVOSELOV son científicos pouco coñecidos. Geim recibiu, fai unha década, o premio IgNOBEL, considerado nobel alternativo concedido ó maior disparate ou despropósito de cada ano e especialidade científica. Consequiuo, realizando experimentos nos que facía levitar nas, fresas, grilos, nozes... Era unha maneira orixinal de mostrar que, ó revés do que ocorre con imáns ou outros sistemas fortemente magnéticos, pódese conseguir a levitación estable dun diamagneto (calquera cousa non magnética, por exemplo un ser vivo) mediante a aplicación de fortes campos magnéticos.



TROFEO DO PREMIO IgNOBEL



LEVITACIÓN MAGNÉTICA DUNHA RA

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

Este ano 2011 foi designado pola Asamblea Xeral das Nacións Unidas, como Ano Internacional da Química, baixo o lema "Química: a nosa vida, o noso futuro". Un dos seus obxectivos é incrementar a apreciación pública da Química como ferramenta fundamental para satisfacer as necesidades da sociedade.



Escolleuse este ano porque coincide co centenario da concesión do Premio Nobel de Química a Marie Curie, un dos científicos (independentemente do xénero) máis importantes da historia. Por iso e tamén unha oportunidade única de destacar o papel das mulleres na ciencia, moitas veces infravalorado.



Marja Skłodowska, tamén coñecida como Marie Curie, naceu en Varsovia (Polonia) no 1867. No 1891 trasládase a París, para estudar Física e Matemáticas na Universidade da Sorbona.

Xunto co seu marido, Pierre Curie, investiga acerca da radiactividade natural, descuberta por Henri Becquerel no 1896 (as sales de uranio transmitían uns raios de natureza descoñecida, relacionados cos Raios X, descubertos, á súa vez, por Roentgen no 1895). Os esposos Curie demostraron que a radiactividade non resulta dunha reacción química, senón que é unha propiedade dos átomos de cada elemento.

O Premio Nobel de Física de 1903 foi otorgado a estes tres científicos: Henri Becquerel, Pierre Curie e Marie Curie. A Real Academia Sueca das Ciencias describiu a razón do premio separadamente: no caso de Becquerel “en recoñecemento ós servizos extraordinarios que proporcionou o seu descubrimento da radioactividade espontánea” e no caso dos Curie “en recoñecemento ós servizos extraordinarios que proporcionaron mediante a súa investigación conxunta sobre os fenómenos descubertos polo Profesor Henri Becquerel”.



Diploma do Premio Nobel

En 1898, Marie descubriu, traballando coa peblenda, novos elementos químicos nos seus experimentos. Pierre estudiaba as propiedades das radiacións e Marie purificaba os elementos radioactivos, utilizando o procedemento da cristalización fraccionada. Cada cristal obtido era sometido a un test de radiación e así comprobaron que a maior radioactividade era emitida por dous compostos, un de bismuto e outro de bario. Como ningún deles era radioactivo, a conclusión á que chegaron foi que cada composto tiña trazas dun elemento distinto e descoñecido. O elemento semellante ó bismuto era o polonio e o semellante ó bario era o radio.


En 1910, xa falecido Pierre, Marie conseguiu illar o radio, motivo polo que se lle concedeu o Premio Nobel de Química en 1911, “en recoñecemento ós seus servizos para o avance de la química ó descubrir os elementos radio e polonio, por medio do aislamiento do radio e o estudo da natureza e os compoñentes deste sorprendente elemento”. Non patentou o proceso de illamento de Radio, deixándoo aberto á comunidade científica.

Faleceu en 1934, a consecuencia, probablemente das radiacións coas que traballou.

Juan Francisco Vilardell Torres, Cristina Cabana Díaz, Ana Díaz Arias (3º ESO)

Ana López, Isabel Rodríguez Gay (4º ESO)

DESASTRE NUCLEAR: FUKUSHIMA




Fukushima atópase no norte de Xapón. Nesa cidade existe unha **central nuclear** que conta con seis reactores, operaba dende 1971 e tiña permisos para facelo ata o 2021.

O pasado **once de marzo**, deuse o maior terremoto na historia do país, con máis de nove gradados na escala Richter. Este daría lugar a un tsunami que cortou o suministro de enerxía á central nuclear e isto paralizou o mecanismo que refrixera os seus seis reactores de auga en ebulición.

O día quince, como consecuencia, producíronse incendios e explosións na planta e numerosas autoridades amosáronse alarmadas ante os feitos.

Trátase do maior accidente nuclear da historia tras o ocorrido en 1986 na central de Chernobyl, en Ucraína.

Unha central nuclear produce electricidade a través dun ciclo térmico de auga. Férvese esta, o seu vapor fai xirar unha turbina e esta move un alternador que produce a electricidade. Para levalo a cabo, introdúcese auga nunha vasixa, que ao atravesar o núcleo se converte en vapor. O vapor é levado a unha turbina e unha vez empregado enfríase nun condensador onde volve de novo ao estado líquido. Unha vez nese estado, vólvese a inxectar a vasixa do reactor e comézase de novo... unha e outra vez.




Nunha central nuclear serán as reaccións de fisión do uranio-235 as que quentan a auga. Os átomos de Uranio rómpense para dar núcleos de átomos máis pequenos, emitíndose neutróns.



As **radiacións** son un tipo de enerxía que forma parte da natureza. Un exemplo: parte do material do chan é uranio. Tamén se poden atopar en aplicacións artificiais, como a enerxía nuclear ou aplicacións médicas (radioterapia para tratar o cancro, raios X...)

Existen moitos tipos de partículas nas radiacións, mais as máis abundantes son as de tipo **gamma** (que atravesan os tecidos e impactan no ADN das células, o que pode provocar mutacións celulares e dar lugar a diversos tipos de cancro).



A radiación pódese inhalar, co que o elemento químico entra no corpo, podendo metabolizarse moito tempo descargando radiacións.

A unidade que mide a dose de radiación absorbida pola materia viva é o **Sievert** (SV). Unha persoa recibe uns 3 mSv ao longo dun ano, o 80% dende fontes naturais de radiación e o outro 20% a través de procedementos e probas médicas, aproximadamente.

Por debaixo dos 100 milisieverts ao ano (unha cifra equivale a dous ou tres escáneres) a maioría das persoas non sofre ningún sintoma, tería que estar unhas 12 horas exposto.

Se as dosis superan varios miles de milisieverts, a **persoa pode morrer en cuestión de horas**.

No núcleo dun reactor nuclear existen máis de 60 contaminantes radiactivos xerados pola fisión do uranio, uns con vida moi longa e outros moi corta, pero case todos se acumulan no noso organismo.

Entre eses 60 contaminantes, os que máis consecuencias teñen para a saúde humana son:

O **Iodo**, que afecta fundamentalmente á glándula tiroides; o **Estroncio 90**, que se acumula nos ósos un mínimo de 30 anos como se fose Calcio e o **Cesio**, que queda depositado nos músculos.

A longo prazo a contaminación nuclear depositase no chan e no mar, e incorpórase á cadea trófica dos peixes, que son a base da dieta en Xapón, do resto de animais e de prantas. Este proceso vaise bioacumulando, é dicir, vai pasando dun ser vivo a outro e vai empeorando.

En resumo, Xapón tardará moito en ser o mesmo. Os efectos da radiación serán a longo prazo e dañarán a saúde e o medioambiente durante anos.

Tania Fernández e Cristina Pernas. 3º ESO B

PAUTAS NA BÚSQUEDA DE EMPREGO

Nestos momentos económicos tan difíciles para a nosa sociedade os alumnos do Obradoiro de iniciativa Emprendedora queren dar ánimo a aqueles que forman parte dos case 5 millóns de parados, uns 250.000 na nosa terra. Aquí vos deixamos algunhas pautas que vos poden axudar a atopar emprego.

Onde buscar emprego

Combina diferentes métodos ao mesmo tempo:

-Inscríbete no INEM e nos servicios ocupacionais das comunidades autónomas, tamén poderás atopar orientación e formación. Recorda renovar a tarxeta de demanda periódicamente.

-Pregunta a coñecidos e familiares, e visita empresas ás que lle poidas interesar.

-Consulta a prensa, internet, publicacións especializadas, bolsas de emprego de sindicatos e asociacións. Cando teñas localizada unha oferta do teu interese envía unha carta de presentación e un currículo vitae.

-Visita empresas de traballo temporal.

-Accede á función pública mediante oposición, concurso ou concurso/oposición.

NA REDE

PORTALES DE BUSQUEDA DE EMPREGO

www.infoempleo.com
www.laboris.net
www.infojobs.net
www.tecnoempleo.com
www.trabajos.com

PORTALES DE ORIENTACIÓN LABORAL E EDUCATIVA

www.redtrabaja.es (páxina oficial do INEM)
www.ecomur.com/empleo.htm
www.canaltrabajo.com/orientacion_laboral
www.entrevistadetrabajo.com
www.universia.es
www.educacion.es, www.educacion.es/ructweb (páxina oficial do MEC)

Exemplo de carta de presentación e currículo

OSCAR TABOADA LOPEZ
San Vicente, Parana-48
27160 Lago

Telef: 982 15 45 74 -623 49 76 11
E-mail: otaboada@yahoo.com

16 de febrero de 2011

Referencia: SR/08
Apartado de correos 60180
28060 Madrid

Estimados señores:

En respuesta a la oferta de empleo publicada el pasado día 7 del presente mes en el periódico El Progreso, para ocupar un puesto de secretario en su empresa y consciente de la importancia e importancia de su organización, me satisface enviarte mi curriculum vital.

Creo reunir los requisitos que ustedes piden, ya que poseo gran capacidad de trabajo, soy bueno en las relaciones sociales y gran capacidad de adaptación, junto con mi ganas de trabajar me capacita para acceder al puesto que ustedes ofrecen.

Agradecería mucho la amabilidad de concederme una entrevista para ampliar algún punto de mi historial.

En espera de sus gratas noticias, reciban un cordial saludo.

DATOS PERSONALES

Nombre: Oscar
Apellidos: Taboada López
Localidad y fecha de nacimiento: Parana (Lago), 20 de diciembre de 1996
NºDNI: 88863343-Q
Dirección: San Vicente 48, 27160 Lago
Teléfono: 982 15 72 74 -623 34 76 11
Correo electrónico: otaboada@yahoo.com

FORMACION ACADÉMICA

2007-2011 Título de graduado de ESO.
2011-2013 Título Técnico en mecánica

FORMACION COMPLEMENTARIA

2008 Curso de dibujo y pintura, en la Universidad de Lago.
2010 Curso de electrónica de vehículos en Searia.
2012 Curso de informática (Autocad) en León.
2013 Curso de informática en A Coruña.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

2010 Prácticas en la empresa Inditex.
2012 Prácticas en la empresa Comercial Resenda, SA.

IDIOMAS

Inglés, hablado y escrito Nivel medio.
Galés, hablado y escrito Nivel medio y alto.

OTROS DATOS DE INTERÉS

Curso de conducir tipo B1.
Posibilidad de cambio de domicilio y de inmediata incorporación al puesto de trabajo.

Na entrevista de traballo

O entrevistador formulará preguntas do tipo:

¿Coñecía a nosa empresa?, ¿Que cree que pode aportarnos?, ¿En que se diferencia dos demais candidatos?, ¿Que é o que lle máis lle interesa e o que menos do posto de traballo ofrecido?, ¿Que salario quere percibir?, ¿Estaría disposto a viaxar ou trasladarse a outro lugar?, ¿Por qué quere traballar con nós?, ¿Como se defende en inglés/francés?, ¿Cal é a súa mellor cualidade e o seu peor defecto?, ¿Considerase unha persoa creativa? ¿Por qué?, ¿Pensa continuar estudiando?, ¿Prefire traballar en equipo ou individualmente? ¿Por qué?, ¿Pode traballar baixo presión?, ¿Ten experiencia en.....? Explíqueme un problema o que se enfrentara, o que fixo para resolvelo e os resultados. ¿Que é o máis importante nun emprego para vostede?, ¿Onde se ve dentro de 5 anos?, ¿Cal sería para vostede o traballo ideal?, ¿Que espera vostede da vida?

O entrevistado

- Antes da entrevista:

Debe coidar a imaxe persoal, preparar a entrevista pensando en posibles respostas e preparar algunha pregunta, buscar información da empresa e do posto de traballo, etc.

- durante a entrevista:

Debe mostrar seguridade, apretar firmemente a man do/a entrevistador/a, sonreír, evitar xestos nerviosos, ser positivos, ser sinceros, escoitar activamente, rematar a entrevista con algunha pregunta (¿cree que son un bon candidato/a? ...)

RESPOSTAS ADECUADAS NA ENTREVISTA DE TRABAJO:

¿Por que queres traballar con nós?

Creo que ésta é unha boa oportunidade para poñer en práctica os meus coñecementos e para adquirir unha formación e unha experiencia que me permitan crecer como profesional dentro do meu campo.

¿Canto lle gustaría gañar?

A razón de que esté aquí é que busco a mellor opción para a miña carreira profesional. Para contestar a súa pregunta é necesario que coñeza a empresa e que ésta me coñeza a min, e entenda que podó realizar o traballo. Se é así, estou seguro de que me fará a mellor oferta económica que poda.

¿Qué esperas de min coma xefe?

Poder contar co seu apoio e a axuda necesaria para desenrolar o meu posto de forma eficaz.

¿Por qué cres que estás preparado para acceder a este posto?

Considero que posuo os coñecementos necesarios para desempeñar o posto de forma eficaz, ademais de moita ilusión por poder colaborar nunha empresa en crecemento do sector.

¿Por qué debería contratarte a ti e non a outro candidato?

Considero que teño capacidade para abordar con éxito este posto, ademais de moitas ganas de intentalo e demostrar a miña valía.


¿Que che parece a carreira que estudiaches?

Interesante, porque me deu a oportunidade de desenrolar casos prácticos e de traballar en equipo.

¿Importaríache se continuásemos en inglés?

Son consciente da necesidade de mellorar o meu nivel de inglés, xa que non o practico desde fai tempo, pero se fora necesario podería realizar algún curso intensivo.

VIAXES



EXCURSION A MARCELLE.

A primeira coisa subimos ao autocarro logo cando chegamos a Marcelle habia dous monitores que se chamaban Raúl e Ricardo que nos mandaron poñer en dous grupos despois cando estabamos cada un dos nenos nun grupo fixeron poñer trunha fila para repartir unhas pegatinas a cada grupo. Unha a os Capuchinos e outras os crocodilos. Logo vimos a unhas dromedarios, despois fomos polo monte e vimos kangurus, a dous lobos que se chamaban Rosa e Pica, emus, asstruces, xabaris mamuts. Vimos cabañas de indios un lince, unha serpe, unha tartaruga que estaba comendo unha seta, vimos a cervos de Papa Noel, para o ano que ven van traer unha reserva de animais. E logo pasamos por un árbol de desexos.



kanguro



tartaruga



zebra



lobo Rosa



lobo Pica



poof



dromedario



lurra

Pilar López Sal 3º curso primaria.

EXCURSION A MARCELLE

O venres doce de novembro fomos a Marcelle Natureza presentáronnos alí cos monitores Raúl e Ricardo. Fomos 1º, 2º e 3º pegáronnos unhas pegatinas de crocodilos e capuchinos. Cando iba empezar a excursión meteron os bocacillos na furgoneta. Vimos lobos, dromedarios, emus, xabaris, cervos, porcos negros, patos, crocodilos, serpes, tritóns, púntegas, tartarugas e etc... Despois fomos a tenda e compramos gorras, camisetas, vasos de chupito, marcapiñinas, peluches, saltarinas, pegatinas, llaveros, lapices, pedras etc. Despois fomos ver as aves e os peixes e vimos os cornos e a cornamenta. Despois fomos xantar e logo marchamos e chegamos ao coleis.



dromedario



SEIPE



CEBRA



EMU

Raúl Jacobo Rodríguez
3º curso primaria

O QUE ME CHAMOU A ATENÇÃO DE MARCELLE.

2º DE PRIMARIA.

- O dramedaria tem joelhos e leve ouça.

UXIA

- Os machos entalora durcidos com capas das
asas.

ANGELA

- O xabonil entalora fozando, parecia um porco bravo.

DAVID

- Achevou a mim e acentuar, ténalle medo.

NOA

- Habia cabras africanas com cornos grandes e
retortos.

LUIS

- O que mais me chamou a atención
foron as tartarugas.

LAURA

- Pintamos a un lobo chamado Raxa.

BRIAN

- Na reptilaria a iguana tentame a
sua lingua longa.

IGNACIO

- Habia duas clases de monos: os uni-
catas e os capuchinos.

ANA

- Os canquas levam pequenos e saltam
pelo bosque.

DIEGO

- Habia catro cebras pericos, era unha familia.

MARTA

- Existían moitos os animais salvaxes.

ADRIÁN

2º PRIMARIA



unha avestruz e a súa cría



León

AVESTRUZ



serpe



Lobo



Dromedaria cría



La jirafa
é mamífera



TARTARUGA



tartaruga

Fotos Manuel Bande



Fotos mural Marcelle 1 EP



VISITA A ESCOLA GALEGA DE CONSUMO

O pasado día 27 de abril o alumnado de 1º e 2º de ESO do noso centro desprazouse á capital galega para realizar uns obradoiros na Escola Galega de Consumo.

Esta actividade organizada polo Departamento de Orientación do CPI tiña como obxectivo sensibilizar aos escolares sobre o cambio de modelo que se está a producir na sociedade actual, onde se mudou o carácter do individuo como cidadán ao de mero consumidor, tentando deste xeito facelos críticos ante este feito e proporcionarlles ferramentas que lles possibiliten actuar asertivamente ante o bombardeo constante que están a sufrir nese rol.

As actividades desenvolvidas neste organismo público dependente do IGS (Instituto Galego de Consumo) foron as de Linguaxe publicitaria e Resolución de conflitos.


Na primeira delas, as monitoras encargadas de desenvolver estes obradoiros explicaronlles aos rapaces e rapazas os trucos e técnicas que empregan os publicistas para facernos mercar os seus produtos, e como despregan as súas técnicas de venda e reclamos para que nos sintamos atraídos cara os seus produtos, mesmo chegando a empregar métodos enganosos e nada claros, tentando presentalos cunhas propiedades que non teñen, ademais, amosaronlles os procedementos que as organizacións encargadas de velar polos nosos dereitos como consumidores empregan para a retirada destas campañas fraudulentas e dos seus produtos.

No segundo dos obradoiros os nosos alumnos e alumnas aprenderon como é o procedemento a seguir para resolver conflitos de consumo, deste xeito, ensináronlles que é o que teñen que facer cando nalgún establecemento ou comercio se vulneran os seus dereitos como consumidores e usuarios de servizos ou ao mercar produtos. Complimentar unha folia de reclamacións nun establecemento, pedir axuda nunha OMIC (Oficina Municipal de Información ao Consumidor) ou buscar asesoramento nunha organización de consumidores e usuarios xa é algo coñecidos para os escolares de primeiro ciclo de esnanza secundaria que participaron nesta actividade.

Algo tan cotiá como é actuar como comprador ten unha serie de repercusións e obrigas para o comprador e para o vendedor que moitas veces non somos plenamente conscientes diso e, con esta actividade o alumnado chegou a comprender e coñecer como actuar para defenderse dos abusos, que moitas veces, se producen por parte do comercio e a empresa cara a eles que son o elo máis feble da cadea.

Aproveitando o desprazamento a Santiago de Compostela e, despois de xantar na zona das Cancelas, desprzámonos á catedral compostelá para facer unha visita ao santo sepulcro do apóstolo Santiago o Maior e admirar in situ as características do arte románico nos seus elementos arquitectónicos e figurativos.

A visita completouse cun paseo polo casco histórico compostelá onde puidemos recrearnos no entorno monumental da catedral e dos demais edificios que conforman un entorno histórico e artístico inigualable e mundialmente coñecido



Excursión a Madrid



Os alumnos de 3º e 4º da ESO realizamos unha viaxe a Madrid coas profesoras de música e sociais, para disfrutar dun espectacular musical e visitas a museos.

O día seis de abril as nove da mañá metemos a equipaxe no autobús e saímos rumbo a Madrid. As primeiras horas pasámolas falando, e pensando na curta viaxe. De alí a dúas horas aproximadamente fixemos a nosa primeira parada: La Bañeza, onde algúns degustamos un completo almorzo. Voltamos para o autobús onde nos explicaron como iría xurdindo o día, contábase chegar a unha e media a Medina del Campo para visitar o Palacio Testamentario de Isabel a Católica. Alí, a nosa profesora de sociais fíxonos partícipes dos seus amplos coñecementos de historia. Unha vez rematada a visita dispuxémonos a comer.

Ás tres da tarde seguimos o noso destino, ó cal chegamos arredor das cinco da tarde. O primeiro que fixemos foi ir a un luxoso hotel onde disfrutamos dunha agradable estancia, aínda que por pouco tempo. Arrexámonos e acto seguido dirixímonos a Gran Vía, en pleno corazón de Madrid, onde visitamos os xardíns do Palacio Real e unha enorme biblioteca; máis tarde ceamos. A nosa profesora de música sacou as entradas para o musical...sentamos en primeira fila e non perdemos detalle do marabilloso espectáculo! Ás doce regresamos ó hotel para descansar.

Ó día seguinte erguémonos cedo para almorzar nunha cafetería cercana, de volta recolleemos a equipaxe para o autobús, que nos levou a Urueña, onde visitamos o museo dos instrumentos e o museo das campás. Alí sobrecolleunos aquela poboación embargada de silencio. Unha vez concluída esta visita continuamos a nosa viaxe de regreso. Paramos en Astorga onde comimos e visitamos a obra mestra de Gaudi, quen nos deixou impresionados pola súa peculiar arquitectura.

As nosas profesoras deixáronos uns 20 minutos para comprar agasallos.

Esta magnífica viaxe rematou ás sete do serán do venres, no colexio, onde as nosas familias e un radiante sol nos agardaban cun gran sorriso.



O pádel. Un deporte do século XXI



¿Que é o pádel?

O **pádel** é un deporte derivado do tenis que nos últimos anos se está facendo cada vez máis popular. Conforme pasa o tempo é máis doado atopar nas nosas cidades pistas de pádel, polo que poder xogar a este deporte, antes algo “elitista”, é cada vez máis doado e barato.

É un deporte de cooperación-oposición, caracterizado pola presenza de xogadores compañeiros que colaboran para conseguir un resultado común, ante o antagonismo duns adversarios que, tendo os mesmos recursos, perseguen o fin oposto. Este deporte require unha gran técnica e un bo estado físico a nivel competitivo.

Xógase en parellas e consta con tres elementos materiais fundamentais para o seu desenvolvemento: **pelota**, a **pa** e o **campo de juego**. Posúe regras ben definidas e está representado por federacións e asociacións. Argentina, México, Brasil e España son países onde o pádel tivo un gran desenvolvemento. O **PPT** é o circuíto máis importante deste deporte a nivel mundial, sen deixar de lado os campionatos mundiais de pádel. Ao longo destes últimos anos tivo un gran desenvolvemento en España.

O pádel ten regras bastante parecidas ao tenis polo xeral: xógase ao mellor de 3 sets, a forma de puntuación é similar á do tenis. O que mais o diferencia do tenis son as características da pista e a posibilidade de xogar cos rebotes da parede.



Historia do padel

O **pádel** tivo unha orixe confusa debido ás moitas teorías que apareceron. Imos citar as dúas que parecen ser as máis fiables. Unha indica que o pádel provén duns xogos adaptados aos barcos ingleses,

para divertir aos pasaxeiros. Mais tarde en 1924 o norteamericano **Fran Beal** introduciu o deporte aos parques neoyorquinos e chamouno “Paddle Tennis”.

Máis tarde, en 1928 sufriu algunhas modificacións para podelo xogar en inverno. **Fesseden Blanchardy** e **James Cogswell** decidiron ser os primeiros en xogar ao **pádel** en parella, construíndo pistas de madeira para que non influíse o terreo irregular doutras superficies e rodeárona unha malla metálica para que as pelotas non se fosen á neve. Estas transformacións deron lugar ao “Platform Tennis”. E é esta cancha de “Platform Tennis” a que actualmente é utilizada no pádel.

A outra teoría indica que este deporte naceu en 1890 en México cando **Enrique Corcuera** non ten espazo na súa casa de Acapulco para construír unha pista de tenis e a vai na necesidade de crear unha superficie de 200 metros cadrados (20 X 10 metros) con dúas paredes de fondo cun mínimo de tres e un máximo de catro metros de altura. **Enrique Corcuera** tiña como amigo ao príncipe español **Alfonso de Hohenlohen** quen leva o deporte a España, concretamente Marbella, de aí pasou a Argentina en 1977 e en 1982 levan a cabo as primeiras competicións internacionais en Uruguai. Será en 1993 cando este deporte regresa ao país onde tivo a súa orixe.

En España, o pádel comeza a expandirse ás grandes cidades e clubs deportivos **Madrid, Barcelona, Valencia, Extremadura, Andalucía, Galicia e País Vasco**. Créase a infraestrutura necesaria para a práctica deste deporte por todo o país e de organizar o Circuíto Nacional de Torneos que se desenvolverá nos clubs máis prestixiosos do país.


Primeira pista de pádel



Pista de pádel actual de metacrilato



Pista de pádel de muro



Elementos materiais que compoñen o pádel

- **A pelota**, a cal esta realizada de tal forma que será unha esfera de goma, a que se caracteriza por ter unha cor verde ou amarela.
- **A paleta**, esta ten unha forma redonda cun mango para un bo agarre e imprimir boa forza á hora de golpear a pelota, debe posuír un numero non limitado de buratos, os cales están distribuídos na zona central; a superficie da paleta que se emprega no pádel, pódese presentar lisa, rugosa ou plana, xa todo dependerá dos gustos do xogador. Un agregado que presentan as paletas empregadas no pádel, é a presenza dunha correa de suxeición no boneco, a que se utiliza coa idea de prever accidentes.
- **O campo de xogo**, como compoñente do pádel, posúe unha forma rectangular e posúe 20 metros de longo pro 10 de ancho e atópase dividido por unha rede na metade do campo.



O campo estará pechado totalmente, con fondos de 4 metros dos cales os 3 primeiros deben permitir o rebote, ao estar feitos de muro e o ultimo metro de malla, no cal a pelota non rebotase, ademais os laterais estarán feito por zonas graduadas.



No que se refire á puntuación que se brinda aos xogadores de pádel e coa cal se pode gañar o xogo, manéxase un formato similar ao do tenis, así por puntos darase de 15-30-40 e cun mais gañase un xogo, ata sumar 6 e facerse a un set, sempre e cando se teña unha vantaxe de 2 xogos respecto ao rival. Os partidos dispútanse ao mellor de tres sets.

O pádel como contido da Educación Física

O pádel, deporte de raqueta emerxente, pode resultar unha ferramenta moi útil e atractiva se o integramos como actividade na nosa programación didáctica. Para iso é necesaria a súa adaptación ao ámbito da clase de Educación Física.

Tamén se pretende con esta actividade inculcar no noso alumnado, a posibilidade dunha nova práctica deportiva e motivalos para que pouco a pouco atopen outra alternativa saudable e divertida de aproveitar o seu tempo libre, xa que hoxe en día, existen pistas de pádel nalgúns municipios, en urbanizacións, e en clubs privados, o que nos ofrece a posibilidade de practicar a este deporte.



FINALISTAS DO TORNEO DE PING PONG

Os finalistas do III torneo de ping pong foron Carlos Díaz Martínez e Diego Rodríguez Fuentes, dous adolescentes do instituto da Pobra de San Xiao que tras moitos recreos de duros partidos chegaron a ser bos xogadores e baterse na final polo primeiro posto no que gañou Carlos.

Agora contánnos como foi o torneo para eles:

Comezará falando Carlos:

“Para min foi un torneo moi complicado porque me tiveron que bater contra duros rivais xa que os partidos contra estes eran longos e complicados debido a que perfeccionamos a nosa técnica durante 4 anos e todos temos un nivel máis ou menos alto, sobre todo por bateme contra os dous mellores: Diego e Marcos. Pero tamén os grandes adversarios, pero o único que logrou gañarme foi na eliminatoria por grupos, pero logrei vencelo na final spois de que el lle gañara a Marcos. Foi un torneo duro pero divertímonos.”

Agora falará Diego:

“Moitas persoas preguntáronse como me pode gustar tanto o ping pong, eu dígolles que aínda que levo case catro anos xogando non me considero bo xogador xa que teño moitos erros, tamén se preguntan como podo “perder” os recreos xogando, a miña opinión é que e das mellores maneiras de pasar o recreo xa que me practico, melloro a miña técnica e encántame xogar meus compañeiros e sobre todo gañar.”



unha
divirto,
contra os

Para min este foi un torneo moi divertido xa que o principio gañáballes a todos sen problemas pero logo chegou a hora de xogar contra Marcos, o cal me comezou gañando 10-0 pero logo comecei a remontar e gañei, logo tocoume contra Carlos na eliminatoria por grupos; e tamén gañei. Cando xa pensaba que tiña a vitoria nas miñas mans perdín contra Carlos na final, seguramente porque me confíei demasiado por que lle gañara a outra vez.”



Entrevista a un xogador do Breogán

Nome: Xavier Forcada (Xavi)

Idade: 21 anos

Lugar de nacemento: Barcelona

Club de procedencia: Cáceres 2016

- O día 23 de outubro visitaron o noso colexio algúns membros do Breogán. So puido vir un xogador, porque o día anterior tiveran partido e encontrábanse moi cansos. Estiveron no centro durante dúas horas, nas que organizaron un circuito onde todos os alumnos/as da Eso puideron participar. Ao final da xornada tres rapazas de 4º fixemoslle unha entrevista o xogador Xavi Forcada, e logo moitos sacáronse foitos con el.

Prometérenos que ían voltar e que virían máis xogadores e tamén o entrenador.

1. A vida dun xogador de baloncesto é moi curta, que pensas facer no futuro? - Continuar estudando, para o día de mañá ter unha formación.

2. A túa familia apoioute para ser xogador de baloncesto?

- Si, sempre

3. O cume de todo xogador sería xogar na NBA? Ou hai xogadores que non aspiran a iso?

- Supoño que todos os xogadores queren chegar a xogar na NBA.

4. Cando empezaches a xogar a baloncesto, quen era o teu ídolo?

- O meu irmán maior

5. É un xogador coñecido o teu irmán?

- Non

6. Dos xogadores de todos os tempos, cal che gustaría que estivera no teu equipo?

- Michael Jordan

7. Conseguiches algun campionato de España de baloncesto?

- Si, son campeón de España en categorías cadete junior e alevín

8. En que equipo comezaches a xogar?

- No Barça

9. És dos que cando perdes un partido pónse de malas ou dos que felicitan ao equipo contrario, queremos dicir se tes bo ou mal perder? Jeje

- Felicito ao equipo contrario e enfádome. Jeje

Ana López López 4º eso

Isabel Rodríguez Gay 4º eso

Judith Zambrano Montoro 4º eso



Decorando lavores - Noel (3 anos)



A árbore de Nadal - Yanira (3 anos)



Xa chegou a primavera - Lucía (3 anos)



Carapuchiña Vermella - Carla (3 anos)



A pomba da PAZ - Lorena (3 anos)



Imos para o cole - Martin (3 anos)



A miña obra de arte - Naia (3 anos)




O meu xardín - Paula (3 anos)



O Arco da Vella - Pedro (3 anos)



A vaca de Lago - Manuel (3 anos)



Estos son os traballos sobre a primavera do primeiro ciclo de Primaria.





POBOA DE SAN XIAO

Ven ver o que hai!!!



Apartamento de Látara

Ana Díaz,
Anabel Méndez,
Cristina Pernas 3 ESO






Javier López

Cristina Cabana

3 ESO





Sonia Fdz, Jose Antonio Varela, Iván Caxhorreiro, Cristina Vazquez, Alvaro Fuentes, Judith Zambrano, Oscar Vazquez, Ana Lopez, Isable Rodriguez, Marta Brea, Jesica Lopez, 4 ESO

O TESOURO DO TEIDE



No colexio, a clase de 4ºE.P está lendo unha lenda sobre o tesouro agochado no Teide.



Deciden ir de excursión ao Teide, pero no camiño pérdense.



Pero ninguén sabe empregar a brúxula. De repente atopan un coello.



O coello indicalles por onde deben ir, pero advirteos dun perigo.

Nerea, Alberto, Manuel, Raúl
(4ºE.P)



Os nenos están escalando a montaña pero de repente os xigantes comezan a tirarlles pedras.



Están moi asustados e agárranse ao que poden, refuxiándose e pensando qué poden facer.





De repente atopan unha serpe e asústanse moito, pero a serpe vainos axudar.



A serpe explícalles o seu plan para derrotar ao xigantes e as arañas.

Ana María, Kevin, Raquel e Pablo
(4ºE.P)





Un día do mes de Maio, Manolo entrou na clase e propúxonos unha excursión a cambio de darlle menos ao pico. Nós moi emocionados propuxémonos mellorar. Despois preguntámoslle cando e de qué trataba a excursión e el díxonos que era unha sorpresa e que xa chegaría a solicitude.



A finais de Maio o papel chegou ás nosas mans e sorprendámonos polas pintas que tiñamos que levar, porque era a primeira vez que nos vestíamos así.




Chegou o gran día e estábamos moi impacientes. Subimos ao autobús e vimos a Manolo cargar caixas no maleteiro, e entrounos unha intriga tremenda.




Chegamos a un río (o río Loyo) e encontrámonos con un grupo de pescadores. Nese momento démonos conta, todo cadraba.



Manolo invitounos a subir nun bou, nel explicounos que ibamos a pescar anguilas coa técnica de arrastre. Así comenzamos a ruta de pesca.




Cando nos baixamos do barco, levámoslle as anguías pescadas ao dono dun restaurante famoso de Portomarín, chamado Restaurante Loyo. Logo dixémoslle que as cociñara e sentamos a comer. Qué rico! Pero nese intre démonos conta de que o estrañaríamos moito.





MUSICA



Argumento

40 el musical é unha comedia romántica con toques dramáticos, na que a amizade, a lealtade, o amor, a emoción e sobre todo o humor comparten protagonismo coa música.

O argumento xira ao redor dun grupo de amigos de vinte anos, obrigados a confrontarse as súas vidas e problemas, asumir que xa non son adolescentes e que teñen que elixir un camiño a seguir.

O protagonista do musical, Xoaquín, inicia un radioblog en internet, adicado basicamente a destripar a vida dos seus amigos. Intenta axudarllos a tomar decisións, pero ó final acaba provocando máis caos e confusión.

Chema e Laura, levan xuntos dende os quince anos, e sempre viviron sometidos o un ao outro, vaia “dos de virxe ata o matrimonio”. Por motivos de traballo, Chema non está con Laura case nada, cousa que a ela lle da moito que desconfiar, e para saír de dúbidas ponlle unha trampa donde o chama facéndose pasar por outra. Chema cae e Laura enfádase, vaise, pero termina volvendo. Logo deciden casar, pero Chema descobre que en realidade é homosexual.

Alex e David son irmáns, fillos de Arturo. Alex é unha rapaza heavy-grunge, despreocupada e incapaz de comprometerse co amor, David todo o contrario, neurótico e hipocondríaco. Eles non queren estar con seu pai que regresa á casa despois de pasar varios anos desaparecido. Finalmente, grazas a Xoaquín que lles abre os ollos, reconcílianse co seu pai, que acaba morrendo por cancro.

Mateo e Sara son noivos. El é irmán de Xoaquín, e ela a súa mellor amiga. Á



manse, pero unha noite Mateo a engana e ela termina dándose conta de que en realidade a quen ama no é a Mateo se non a Xoaquín. Esa mesma noite Mateo sofre un accidente de moto e como consecuencia queda paralítico. Sara intenta seguir adiante, axudando a Mateo, pero este coa súa mala actitude fai que tanto ela coma o seu irmán sufran. Ao final, Mateo decátase do gran amor que existe entre Sara e o seu irmán e deixa que o disfruten, él pola súa parte decide probar sorte con Laura, a ex-novia de Chema.


Así, finalmente todos terminan encontrando o seu camiño.

Opinión personal

Asistir a *40 el musical* foi unha experiencia única e marabillosa. É un musical espectacular, principalmente polas fantásticas coreografías e polo feito de utilizar cancións que todos coñecemos, adaptándoas moi ben á escena e facéndonos vivir a todos intensamente cada momento. Durante as dúas horas e media de musical pasámolo xenial, sinceramente dicir xenial é pouco. Ademais a historia narrada móstranos dunha maneira cómica, o que é a realidade da vida. Sen dúbida merece a pena velo, porque ademais de disfrutalo ó máximo, produce certa repercusión en ti, mostrándonos claramente determinados aspectos da nosa existencia. Definitivamente, encantaríanos repetir esta vivencia!!! Agradecemoslle a profesora de música e a de ciencias sociais que organizasen esta excursión.

MICROSOFT

O XIGANTE DA INFORMÁTICA: BILL GATES



William Henry Gates III é o seu verdadeiro nome, naceu en Seattle, Washington no ano 1955 dentro dunha familia acomodada. Estudou na Universidade de Harvard e na actualidade, é un dos homes máis ricos do mundo. O seu patrimonio ascende a uns 53.000 millóns de dólares, grazas a súa empresa multinacional *MICROSOFT Corporation*, empresa dedicada á produción de software informático cos que chega a alcanzar o monopolio mundial neste mercado durante décadas.

Durante a educación secundaria descobre o seu interese polo software e comeza a programar á idade de 13 anos.

Xa na Universidade, realiza programas para outras empresas e Administracións Públicas, e máis tarde, xunto co seu amigo e socio Paul Allen, desenvolve unha versión da linguaxe de programación BASIC para o primeiro microordenador, o *Altair 8800*.

Ao decatarse da gran oportunidade de negocio que representa a venda de software, cofunda a empresa *Microsoft Corporation* (1975) ocupando os cargos de presidente e director xerente. Rapidamente obtén gran éxito nos negocios, converténdose así nun magnate da informática e dominando o mercado dos ordenadores persoais.

No ano 1992, o presidente dos EEUU George Bush, outórgalle a *Medalla Nacional da Tecnoloxía* como recoñecemento a súa traectoria empresarial.



MICROSOFT Corporation

Microsoft


Multinacional creada a mediados dos anos 70 cando *Bill Gates* aínda estudaba na Universidade de Harvard. Nos seus comezos, o negocio da empresa consistía na elaboración de programas informáticos adaptados ás necesidades dos novos microordenadores para ofrecérellos ás empresas fabricantes do sector. Desta maneira, obtivo unha progresiva expansión nos anos 80 chegando a revolucionar a informática persoal. No ano 1986, as accións de *Microsoft Corporation* chegaron a cotizar na Bolsa e alcanzaron valores espectaculares facendo que o seu presidente se convertera na persoa máis rica dos EEUU.

Principais produtos de Microsoft Corporation:

- Sistema operativo MS-DOS para PC's creado inicialmente para a empresa IBM (1981).



- Lanzamento do Microsoft Mouse 1.0 como dispositivo periférico dos ordenadores pessoais e dun novo interface gráfico chamado **WINDOWS**, substituído do **MS-DOS** (1983).



Versiones máis coñecidas do sistema operativo Microsoft Windows:

- Windows 3.0 e 3.1. (1990-92).
- Windows NT 3.1. (1993)
- Windows CE 1.0 *deseñado para sistemas con pouca memoria ou de man* (1994).
- Windows 95 *hardware Plug and Play*.
- Windows 98/SE
- Windows 2000/Millennium Edition (2000).
- Windows XP (2001).
- Windows Server 2003.

- Windows Vista (2007).
- Windows Server 2008 R2 *para servidores*.
- Windows 7 (2009).
- Windows Mobile 6 e Windows Phone 7 *para dispositivos móbiles*.



- **Internet Explorer**, navegador web coñecido como **IE** (1995).

- **Microsoft Office**, paquete ofimático formado por Word, Excel, Access...

Principais versións de MS Office:

- MS Office 97, 2000, XP, 2003, 2007 e 2010.
- Office for MAC 2004/2008/2011.
- Office Mobile para Windows Phone 7.



- **MSN (Microsoft Network)**, un acceso a Internet e a unha noticia, información de referencia. (1995).
Windows Live (2006), con **Hotmail** (correo electrónico), **Windows Messenger** (mensaxería instantánea), **Windows Live Essentials** (descarga e instalación de software en liña), entre outros.



servizo en liña que proporciona variedade de contidos, interese e material de Actualmente substituído por servizos como **Windows Live Messenger**, **Windows Live Essentials** (descarga e



- **MSNBC**, rede de televisión por cable (1996).

- **Soportes multimedia no ámbito educativo: Microsoft Encarta** (1993-2009).



- **Videocconsolas Xbox** (2001) e **Xbox 360** (2005) con servizos en liña (**Xbox Live**).



- **Microsoft Game Studios** (2002), desenvolve xogos para Windows e videocconsolas Xbox e Xbox 360.



- **Zune HD** (2009), reproductor de medios, fotos, música, vídeos e películas. Nace como competencia directa ao **iPod Touch** de Apple.



- **Microsoft Visual Studio 2010**, programa composto por varias ferramentas de programación.

- **Windows Phone Marketplace**, tenda en liña de aplicacións para dispositivos móbiles que compete directamente co **App Store** de iPhone (Apple).



- **Microsoft Store**, tenda en liña de Microsoft na que se pode mercar software e hardware da compañía. Pódense adquirir previo pago desde Windows Vista ata MS Office (a través de descarga) a Xbox ou reproductores Zune.

APPLE

O GRAN RIVAL DE MICROSOFT: STEVE JOBS

APPLE Computer



STEVE JOBS
MACINTOSH

Steven Paul Jobs (1955, San Francisco) é un famoso empresario e informático estadounidense, presidente de *Apple Inc.* e máximo accionista individual de *The Walt Disney Company*. Gran visionario da tecnoloxía, é unha das figuras máis importantes da industria da computación e do entretemento dixital.

Steven Jobs e Steve Wozniak fundaron no ano 1976 a empresa multinacional estadounidense de tecnoloxía informática *Apple Inc.* dedicada a deseñar e producir os seus propios equipos electrónicos e software.



Os equipos *Macintosh* compiten no mercado con sofisticados e elegantes deseños, gran potencia gráfica, alto rendemento, sistemas operativos intuitivos, estabilidade, facilidade de uso e protección xeral ante ameazas externas. Por contra, os seus prezos son un pouco máis elevados que os dos PC's da competencia, a pesar das fortes baixadas que sofren a miúdo as tecnoloxías.



Dende os seus comezos os principais rivais tecnolóxicos de *Apple* foron *Microsoft Corporation* e *IBM*. Ao longo da historia, *Apple* tivo serios problemas de viabilidade, chegando ao punto de estar a piques de desaparecer do mercado ata que Steve Jobs rescatou a empresa cos seus mente creativa, produtos innovadores e un excelente marketing.


No ano 1997, *Apple* lanza unha das campañas publicitarias máis famosas da súa historia, "Think Different" (*Pensa diferente*), co obxectivo de recuperar a ilusión de todos os incondicionais da marca. Con ela, consegue abrirse camiño na nova era das tecnoloxías e situarse como unha das marcas máis fortes da industria informática.



Na actualidade, a empresa estase a afianzar no mercado mundial grazas a produtos tales como *Mac*, *iPod Touch*, *iPhones* e *iPads*, incluíndo na súa gama de dispositivos portátiles a tecnoloxía multitáctil. Por outra banda, *Apple* lidera o negocio da música dixital e está a revolucionar a telefonía móbil conseguindo a integración da reprodución multimedia e de Internet cunha interface amigable e táctil.

Con venda a través de tendas en liña como *App Store* e *iTunes Store* de dispositivos, aplicacións, xogos, e-books... a compañía está a obter un gran éxito comercial. Máis do dobre dos seus ingresos totais proveñen da venda de dispositivos móbiles e música dixital.

APP



STORES

A tenda *Apple* é moito maior que as da competencia, se sumamos o tamaño de todas as demais non chegamos ao 25% do tamaño de *Apple*.

ITUNES STORE



iTunes Store é a tenda en liña da empresa *Apple Inc.* de contido dixital, accesible co programa *iTunes*.

Produtos máis destacados de Apple Computer:

HARDWARE

- Equipos *Macintosh* (Macs de sobremesa ou portátiles).
- *iPads* (reproductores multimedia con disco duro ou memoria flash).
- *IPhones*, (teléfonos intelixentes multimedia).
- *iPads* (dispositivos electrónicos tipo *Tablet*).

SOFTWARE

- Sistema operativo *Mac OS X* (para equipos Macintosh).
- Sistema operativo móbil *iOS* (originalmente para iPhone).
- Explorador de contido multimedia *iTunes* co que se pode reproducir, organizar e comprar música e vídeo en liña.
- *App Store*, tenda en liña onde os usuarios poden descargar aplicacións para iPhone ou iPod Touch.
- *Suite iLife* (software de creatividade e multimedia).
- *Suite iWork* (suite de aplicacións ofimáticas).
- *Final Cut Studio* (suite de edición de vídeo profesional).
- *Logic Studio* (software de creación musical).
- *Aperture* (software de edición de imaxes profesionais).
- *Safari* (navegador web)...



Apple



A ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

Nos últimos anos asistimos a un proceso de modernización das Administracións Públicas no que os cidadáns demandan unha administración máis áxil, que ofrezca os seus servizos en consonancia cos novos factores tecnolóxicos de forma segura, cómoda e eficaz. Os servizos telemáticos achegan as distintas AA.PP. aos cidadáns, en horario de 24 horas os 7 días da semana, evitando así desprazamentos e esperas innecesarias.

A Administración electrónica configúrase como unha nova forma de "Atención ao Cidadán" ao que se lle facilita unha posibilidade máis para a realización de xestións vía Internet.

Baséase en dúas cuestións importantes, por unha banda na acreditación das partes que se relacionan e intercambian documentos ou informacións electrónicas, garantindo a súa identidade, integridade e autenticidade [certificados electrónicos].

Por outra banda, na dispoñibilidade dun "registro" que acredite e certifique estas transaccións, o "Registro telemático".

En xeral, para utilizar os servizos de Administración Electrónica, necesita dispor dun certificado electrónico emitido por unha das Entidades Certificadoras recoñecidas. Aínda que, determinadas consultas, pode realizalas co número de expediente ou a referencia do registro telemático.

Alguns servizos ao cidadán que as distintas AA.PP. están ofrecendo

- Presentación de recursos e reclamacións.
- Iniciar a tramitación de procedementos administrativos e obter copia rexistrada.
- Achegar documentos aos expedientes que se atopan en calquera fase de tramitación.
- Utilizar os Servizos de Resposta Inmediata (SERIS).
- Pedir cita sanitaria en liña durante as 24 horas do día.
- Cumpimentación dos datos do censo de poboación e vivendas.
- Presentación e liquidación de taxas e prezos públicos.
- Consulta e inscrición padrón municipal.
- Consulta de multas de circulación.
- Domiciliación bancaria de tributos.
- Consulta e trámites para solicitude de subvencións.
- Consulta de asignación de colexios electorais.
- Presentar sucesións ou queixas sobre os servizos prestados.
- Firma electrónica de documentos oficiais e expedición de copias compulsadas.

Pago de multas de tráfico

Tarjeta sanitaria europea

Becas y Ayudas del Ministerio de Educación

Declaración del IVA

Cita previa para el DNI y Pasaporte

O CERTIFICADO ELECTRÓNICO

Un **certificado electrónico** é un conxunto de datos que permiten a identificación do titular do certificado, intercambiar información con outras persoas e entidades de xeito seguro e asinar electronicamente os datos que se envían, de tal forma, que se poida comprobar a súa integridade e procedencia. As xestións para a obtención dun certificado electrónico deben realizarse ante unha **Autoridade de Certificación** recoñecida oficialmente.



O certificado electrónico garante:

- A autenticidade das persoas e entidades que interveñen no intercambio de información.
- A confidencialidade que só o emisor e o receptor vexan a información.
- A integridade da información intercambiada, asegurando que non se produce ningunha manipulación.
- O non repudio, que garante ao titular do certificado que ninguén máis que el pode xerar unha firma vinculada ao seu certificado e imposibilitalle a negar a súa titularidade nas mensaxes que asine.

A **sinatura electrónica** garante a integridade dos datos transmitidos e a súa procedencia. O cifrado de datos posibilita que só o destinatario do documento poida acceder ao seu contido.

Unha **pegada dixital** é un conxunto de datos asociados a unha mensaxe que permiten asegurar que esta non foi modificada.



Revogar un certificado é anular a súa validez antes da data de caducidade que consta no mesmo. A revogación pode ser solicitada polo usuario en calquera momento, e en especial, cando o titular crea que a seguridade da súa clave privada poida ser comprometida.

Alguns certificados electrónicos de Entidades Certificadoras recoñecidas oficialmente son:

- DNI electrónico: DNle.
- Fábrica Nacional de Moeda e Timbre: Certificado de clase 2 (persoa física).
- AC Camerfirma: Certificado de pertenza a empresa.
- AC Camerfirma: Certificado de representante.
- AC Camerfirma: Certificado de persoa xurídica.
- Rede de Avogacía: Autoridade de Certificación da Avogacía.
- Firmaprofesional, S. a.: Certificados electrónicos
- ANF Autoridade de Certificación: ANF AC.
- Axencia Notarial de Certificación, S.L.: (ANCERT).
- Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e Bens Mobles: Servizo de Certificación dos Rexistradores (SCR).



CERES



Notificacións Telemáticas

É un servizo para a xestión de notificacións telemáticas entre a administración e os cidadáns e empresas. Xa que logo, darse de alta neste servizo permitirá recibir, de forma electrónica, as notificacións administrativas que actualmente se reciben en papel.

Dirección Electrónica Única

Trátase dunha dirección electrónica que se asigna a calquera persoa física ou xurídica que a solicite, e que será única para a recepción de todas as notificacións que por vía telemática poida practicar a Administración e os seus Organismos Públicos. Nesta dirección, o titular poderá xestionar as notificacións recibidas, para aceptalas e lelas ou rexeitalas. Soamente recibiranse as notificacións correspondentes a aqueles procedementos administrativos nos que así o comunicou o seu titular.

PORTAIS E SEDES ELECTRÓNICAS

A sede electrónica ou portal do cidadán é a ferramenta que serve de porta de acceso ao cidadán para toda aquela información e servizos en liña que se pon á súa disposición de forma actualizada e, preferentemente, personalizada. Entre os servizos que poden ofrecerse atópanse: a iniciación de trámites, a consulta de estado de expedientes, os foros de colaboración, descargas, soporte técnico, servizos cartográficos, visitas virtuais, etc.

O portal www.060.es é o portal nacional das Administracións Públicas, referencia para cidadáns e empresas, onde estes poden atopar acceso aos servizos electrónicos e a outra información relacionada coa actividade e a organización administrativa. Entre os contidos que alberga atópase o acceso aos servizos electrónicos das Administracións Públicas (Administración Xeral do




Estado, Administración Autónoma e Administración Local) a través dunha ordenación por materias, por perfís e por feitos vitais. Desde o portal www.060.es facilítase o acceso ao Rexistro Electrónico Común que permite a presentación de calquera solicitudes, escritos e comunicacións dirixidas á Administración Xeral do Estado e aos seus organismos públicos.



DIRECTORIO DE SEDES ELECTRÓNICAS:

Ministerio de Presidencia	https://sedempr.gob.es/infu/es/index.html
Bolletín Oficial de Estado (B.O.E)	https://boe.es/
Xunta de Galicia	http://www.xunta.es/administracion-electronica
Ministerio de Educación	https://sede.educacion.gob.es
Ministerio de Economía e Facenda	https://sedemeh.gob.es
Axencia Tributaria	https://www.agencia tributaria.gob.es/
Oficina Virtual Tributaria	https://next.ciudad.es/EntradaOficinaVirtual/OV/es/OV_Tributaria.htm
Ministerio do Interior	https://sede.mir.gob.es/index2.html
Ministerio de Fomento	https://sede.fomento.gob.es
Seguridade Social	https://sede.seg-social.gob.es/Sede_1/index.htm
Axencia Española de Protección de Datos	http://www.aepd.es/next/area/AGPD/index-ingles-idioma.php

ENCRUCILLADO



HORIZONTAIS

- A.- Anuncio gráfico, xeralmente publicitario, que adoita ser rectangular e animado e que se atopa nas páxinas web e nalgúns programas. Poden utilizar animación e son. (6 letras)
- B.- Palabra inglesa que significa mensaxeiro. En informática adoita facer referencia aos mensaxeiros instantáneos. (9 letras)
- E.- Sitio especializado que posúe ferramentas para facilitar a busca de información de entre os millóns de páxinas web existentes. Son exemplos, Google, Yahoo! e Bing. (8 letras)
- H.- Servizo moi empregado na Internet que permite o intercambio de mensaxes entre usuarios. Xunto coa mensaxe pódense achegar arquivos. (5 letras)
- K.- Protocolo de comunicación en tempo real baseado en texto. Permite conversar con persoas en forma de texto. (4 letras)

VERTICAIS

- 1.- É un sitio web persoal onde se escribe periodicamente, coma un diario en liña, sobre distintos temas que lle interesan ao propietario. Cada escrito está ordenado cronoloxicamente e, en xeral, posúe enlaces a outras páxinas para ampliar o tema de que se fala. (4 letras)
- 2.- Utilízase nos enderezos de electrónicos para separar o nome de usuario e o nome do provedor de correo. (6 letras)
- 4.- Ao revés, en informática pequeno software que infecta un ordenador. Propágase con diversos propósitos como dano, roubo de información... e polo xeral, intenta pasar desapercibido o maior tempo posible. (5 letras)
- 7.- Nome único que permite entrar a un servidor sen saber o enderezo IP exacto onde se atopa. O servidor adoita prestar servizos, especialmente o acceso a un sitio web. (7 letras)
- 9.- Sen espazos, serie de números asociada a un dispositivo (xeralmente ordenador) co cal é posible identificalo dentro dunha rede configurada especificamente para utilizar este tipo de enderezos (10 letras, 2 palabras)
- 11.- Ao revés, coñecida como a rede de redes, posto que se trata dunha rede informática mundial. (8 letras)
- 12.- Grupo de persoas que se relacionan empregando cartas, teléfonos, emails... en lugar de interactuar fisicamente. Se o mecanismo empregado para interactuar é unha rede de ordenadores, chámase comunidade en liña. (10 letras, 2 palabras)

SOPA DE LETRAS

Atopa 12 palabras relacionadas coa ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA:

D	Q	G	I	F	A	R	Q	O	T	P	I	R	C	E	F	W	E
F	P	M	N	Y	N	V	S	U	B	V	C	D	S	O	A	E	N
H	I	P	A	D	M	I	N	I	S	T	R	A	C	I	O	N	M
X	J	O	P	E	O	R	C	E	N	R	D	I	X	I	T	A	L
Z	W	D	I	E	L	T	P	F	M	A	T	L	T	H	A	B	J
A	O	A	N	D	O	U	O	A	Ñ	A	T	O	N	T	R	S	M
Q	A	R	H	E	C	A	D	H	M	H	A	U	R	T	U	H	N
E	R	F	L	R	A	L	D	E	M	P	R	E	R	V	X	A	Z
D	N	I	E	W	N	T	L	A	T	Y	F	G	R	A	O	D	X
A	E	C	O	O	E	C	O	R	P	E	L	E	T	M	B	V	
R	E	X	I	S	T	R	O	R	V	P	L	C	R	I	E	N	H

OS OITO ERROS



CONSECUENCIAS DE VIVIR NO ANO 2011

- 1) Metes o teu café no microondas e tecleas por accidente a túa contrasinal.
- 2) Dende hai anos non xogas ao solitario cunha baralla de cartas senon que o fas virtualmente.
- 3) Tes unha lista de 15 números de teléfono para localizar a túa familia de tan só 3 membros.
- 4) Envíaslle un correo electrónico ao teu compañeiro de clase para pedirle prestado un lapis.
- 5) Non estás en contacto coa túa familia porque eles non teñen correo electrónico.
- 6) Se saes da casa sen teléfono móbil, entras en pánico e regresas rapidamente a buscalo.
- 7) Estás a ver a televisión e na parte de abaixo aparecen a páxina web do programa e catro anuncios máis.
- 9) Érgueste pola mañá e antes de tomar o teu café miras se tes algunha mensaxe ou sms.
- 10) Sorrís coma un bobo diante do ordenador e miras ao redor por se alguén se da conta.
- 11) Tan ocupado estás lendo que non te fixaches que falta o número 8 nesta lista...
- 12) E agora, estás a mirar se realmente non está o número 8...

Vndo un tclado qu ll fai falla unha

Cal é a patroa dos informáticos?
- Santa Tecra.


Quenmeroubouabarraespaciad

ora?

HUMOR GRÁFICO



EMOTICATS



SOLUCIONES

ENCRUCILLADO

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
A	B	A	N	N	E	R			E		T	
B	L	R		M	E	R	R	E	N	G	E	R
D	O	R									N	E
D	G	O								D	R	D
E		B	U	S	C	A	D	O	R		E	E
F		A		U				O		E	T	S
G				R				M		Z	N	O
H	E	M	A	I	L			I		Q	I	C
I				V				N		I		I
J								I		P		A
K		C	H	A	T			O				L

SOPA DE LETRAS

D	O	C	I	F	A	R	G	O	T	P	I	R	C	B	F	W	E
F	P	M	N	Y	R	V	S	U	B	V	C	D	S	O	A	E	N
N	I	P	A	D	M	I	N	I	S	T	R	A	C	I	O	N	M
X	J	O	P	S	O	R	C	E	N	R	D	I	X	I	T	A	L
Z	W	D	I	E	L	T	P	F	N	A	T	L	T	N	A	S	J
A	O	A	N	D	G	U	O	A	N	A	T	O	N	T	R	S	M
Q	A	R	H	E	C	A	D	N	M	H	A	U	R	T	U	H	N
E	R	F	L	N	A	L	D	E	M	P	R	E	R	V	X	A	Z
D	N	I	E	W	N	T	L	A	T	Y	F	C	R	A	O	D	X
A	E	C	S	O	S	E	C	O	R	P	E	L	E	T	M	S	V
R	E	X	I	S	T	R	O	R	V	P	L	C	R	I	E	R	H

OITO ERROS





A guerra dos botóns

Cristina Cabana, Ana Díaz, Silvia Borges

Ficha técnica

TÍTULO ORIXINAL: La guerre des boutons. Francia 1962.

DIRECTOR: Yves Robert GUIÓN: Yves Robert e François Bover. ACTORES: André Treton, Michel Isella, Martin Lartique, Jean Richard. XÉNERO: comedia.

SINOPSE:

Un grupo de rapaces de aldeas veciñas, que acoden a escolas rivais, manteñen unha guerra que os enfrenta en batallas nas cales o trofeo é conseguir os botóns da banda inimiga.



Opinión:

Trátase dunha película inolvidable de gran valor cinematográfico que reflicte a vida diaria dos nenos da Francia rural dos anos sesenta.

O pequeno Nicolás

Cristina Cabana, Ana Díaz, Silvia Borges

Ficha técnica

Director: Laurent Tirard. Guionistas: René Goscinny, Sempé. Actores: Kad Merad, Sandrine Kiberlain, François-Xavier Demaison, Michel Duchaussoy, Valérie Lemercier, Maxime Godart

Género: comedia. País: Francia. Año: 2009. Título Original: Le petit Nicolas



SINOPSE: O filme trata dun neno chamado Nicolás. Un día escoita unha conversa dos pais e pensa que vai ter un irmán que acabará coa súa privilexiada vida de fillo único. Alarmado porque o irmán será o novo centro de atención de seus pais, trata de poñer remedio á situación con axuda dos amigos.



Opinión: É unha película enxeñosa e divertida, coa que os momentos de risa están asegurados.



O ourizo

Laura Herrero, Estefanía Vázquez, Nerea Balboa

Vanesa Fdez. Mon, Kevin Mejuto

FICHA TÉCNICA:

TÍTULO ORIXINAL:

Le hérisson. Francia 2009.

DIRECTOR: Mona Achache.

GUIÓN: Mona Achache (ba-

seada na novela de Mu-

riuel Barbery A elegancia do

ourizo) ACTORES: Josiane

Balasko, Garance Le Guill-

ermic, Togo Igawa, Anne Brochet. XÉNERO: Drama.



SINOPSE: A película presenta a relación de complicidade e amizade entre tres personaxes moi diferentes que viven nun mesmo edificio dun barrio rico de París: unha nena de once anos, a porteira e un novo e enigmático veciño de orixe japonesa.

Opinión: O ourizo é unha entrañable película que invita á reflexión sobre a vida, o amor e a beleza oculta das persoas.



Cero a la izquierda

O corredor de fondo perde o alento
Fuxindo dunha vida inzada de renuncias
da súa liturxia obesa e oleosa,
mediocre nos seus comunais fracasos,
bágoas de xelo, indignación contida
non deu chegado a tempo de exercer
a súa rebelión,
nin de levar a cabo
a súa vinganza definitiva
contra un mundo inxusto, homicida, e cruel,
pola inutilidade da súa propia vida
solitario, enfermo e fatigado,
a morte anticipouse e chegou antes.

Lois Pereiro.

Somentes

intentaba conseguir
deixar na terra
algo de min que me sobrevivise
sabendo que debería ter sabido
impedirme a min mesmo
descubrir que só fun un interludio
atroz entre dous muros de silencio
só puiden evitar vivindo á sombra
inocularlle para sempre a quen amaba
doses letais do amor que envelenaba
a súa alma cunha dor eterna
sustituíndo o desexo polo exilio
iniciei a viaxe sen retorno
deixándome levar sen resistencia
ó fondo dunha interna
aniquilación chea de nostalgia.

Lois Pereiro.

PIRAMÓN 2010-2011 En Río



COMITADO DE LINGÜA
Desequencia de Cultura

W.I.F.

1000 CENTROS
EDUCATIVOS
EDUCACIÓN
CIRCUITOS
100

GRUPO DE BACHILLERATO
ACTIVIDADES
DEPORTIVAS Y CULTURALES

ALVARO FUENTES
4ESO